Interese Galego, o protectorado será exercido pola Consellería de Traballo e Benestar.

Oitavo.-De conformidade coa dita proposta, por orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 4 de outubro de 2010 (DOG nº 204, do 22 de outubro), clasificouse como de interese laboral a *Fundación para la Pesca y el Marisqueo (Fundamar)* e adscribiuse á Consellería de Traballo e Benestar para os efectos do exercicio das funcións de protectorado.

*Fundamentos de dereito*

Primeiro.-O artigo 34º da Constitución española recoñece o dereito de fundación para fins de interese xeral e o artigo 27º.26 do Estatuto de autonomía para Galicia establece que é competencia exclusiva da Comunidade Autónoma galega o réxime das fundacións de interese galego.

Segundo.-De acordo co disposto no artigo 7º.2 do Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego, en relación co Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, correspóndelle a esta Consellería de Traballo e Benestar a declaración de interese galego mediante resolución publicada no *Diario Oficial de Galicia* e a inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego da *Fundación Fundamar,* así como o exercicio das funcións de protectorado e as demais que correspondan á Xunta de Galicia, de conformidade co indicado no dito regulamento.

Terceiro.-Á vista do disposto na Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, e no Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego, e o Decreto 15/2009, da mesma data, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego, resultan cumpridos os requisitos establecidos pola normativa vixente para a declaración de interese galego e inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, sección da Consellería de Traballo e Benestar, da *Fundación para la Pesca y el Marisqueo (Fundamar),* polo que:

*RESOLVO:*

Primeiro.-Declarar de interese galego a *Fundación para la Pesca y el Marisqueo (Fundamar),* ao cumpriren os seus estatutos as prescricións que para tal efecto sinala a vixente lexislación en materia de fundacións de interese galego.

Segundo.-Ordenar a inscrición da *Fundación para la Pesca y el Marisqueo (Fundamar)* no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, sección da Consellería de Traballo e Benestar.

Terceiro.-Esta fundación queda sometida ao disposto na Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, no Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Fundacións de Interese Galego, e no Decreto 15/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego, así como na demais normativa que resulte de aplicación, onde se establecen especialmente as obrigas de dar publicidade suficiente do seu obxecto e actividades, ausencia de ánimo de lucro na prestación dos seus servizos e presentar anualmente a documentación contable e plan de actuación ante o protectorado, que será exercido por esta Consellería de Traballo e Benestar.

Contra esta resolución pode interpoñerse recurso de alzada ante a conselleira de Traballo e Benestar, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo o disposto nos artigos 114º e 115º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2010.

Cristina Ortiz Dorda
Secretaria xeral da Consellería de Traballo e Benestar

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Orde do 22 de decembro de 2010 pola que se establecen as axudas en concorrencia competitiva para a implantación de servizos de asesoramento, xestión e substitución nas explotacións agrarias, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2007-2013, e se convocan para o ano 2011.*

A Consellería do Medio Rural publicou o 31 de marzo de 2010 a Orde do 25 de marzo de 2010 pola que se estableceron as bases reguladoras das axudas en concorrencia competitiva para a implantación de servizos de xestión, substitución e asesoramento, e se convocaron estas axudas para o ano 2010.

Coa experiencia obtida na xestión das convocatorias de 2008, 2009 e 2010 desta medida, e co obxecto de simplificar a xestión da axuda, cómpre elaborar unhas novas bases reguladoras e convocar estas axudas para o ano 2011.

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das facultades que confiren os artigos 7 e 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de acordo co disposto na Lei 1/1983, do

22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e demais normativa concorrente,

*DISPOÑO:*

SECCIÓN PRIMEIRA

DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e a convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para o ano 2011 das liñas de axudas para a implantación de servizos de asesoramento, xestión e substitución nas explotacións agrarias segundo o disposto nos artigos 20º, letra a), inciso v) e 25º do Regulamento (CE) 1698/2005 do Feader, e no artigo 15º, 16º e anexo II punto 5.3.1.1.5 do Regulamento 1974/2006 polo que se establecen disposicións de aplicación do anterior regulamento.

Artigo 2º.-*Definicións.*

Para os efectos desta orde entenderase como:

1. Servizo de asesoramento: conxunto de actuacións levadas a cabo nunha explotación agraria, polo menos durante un ano por unha entidade de asesoramento inscrita no Rexistro de Entidades con Servizos de Asesoramento ou Xestión de Galicia (Resaxega), e que incluirá as materias de obrigado asesoramento como son as seguintes:

a) Requisitos legais de xestión, relativos á saúde pública, sanidade animal, sanidade vexetal, medio ambiente e benestar dos animais, a que se refire o artigo 5º e o anexo II do Regulamento (CE) 73/2009 do Consello, do 19 de xaneiro, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa aos agricultores no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores e polo que se modifican os regulamentos (CE) 1290/2005, (CE) 247/2006, (CE) 378/2007 e se derroga o Regulamento (CE) 1782/2003.

b) Boas condicións agrarias e ambientais, a que se refire o artigo 6º e o anexo III do Regulamento (CE) 73/2009, do Consello, do 19 de xaneiro.

Estas disposicións recóllense no Real decreto 486/2009, do 3 de abril, polo que se establecen os requisitos legais de xestión e as boas condicións agrarias e ambientais que deben cumprir os agricultores que reciban pagamentos directos no marco da PAC, os beneficiarios de determinadas axudas de desenvolvemento rural e os agricultores que reciban axudas en virtude dos programas de apoio á reestruturación e reconversión e á prima por arrinque do viñedo.

c) As normas relativas á seguridade laboral derivadas da normativa comunitaria.

d) As relacionadas co inicio da actividade das persoas agricultoras mozas.

e) A información correspondente ás medidas de acción positiva desde a vertente de xénero.

2. Servizo de asesoramento integral: conxunto de actuacións levadas a cabo nunha explotación agraria polo menos durante un ano, por unha entidade de asesoramento inscrita no Rexistro de Entidades con Servizos de Asesoramento ou Xestión de Galicia (Resaxega), que inclúa asesoramento sobre outras materias ademais das incluídas no punto anterior, co fin de acadar un asesoramento de carácter global na explotación. Estas materias son:

a) A posta en marcha do contrato de explotación sustentable.

b) Outras materias de xestión económica e ambiental da explotación, as cales, desde o punto de vista dos novos retos establecidos no Regulamento (CE) 74/2009 do Consello, do 19 de xaneiro polo que se modifica o Regulamento (CE) 1698/2005 relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Feader, poderán estenderse ao asesoramento sobre cambio climático, enerxías renovables, xestión da auga, biodiversidade e mellora da competitividade das explotacións leiteiras.

Ademais, en ambos os dous casos o asesoramento integral incluirá o relativo ás medidas que poidan establecerse en desenvolvemento do artigo 36º.2 e disposición adicional sétima da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

3. Servizo de xestión: o conxunto de actuacións levadas a cabo na explotación agraria polo menos durante un ano por unha entidade de xestión inscrita no Resaxega, dirixidas a realizar un programa técnico e específico de xestión no ámbito definido no artigo 5º do Decreto 235/2007, do 29 de novembro.

4. Servizo de substitución: o desempeño de actividades propias e específicas da explotación agraria, para a substitución do titular ou titulares e traballadores durante os períodos habituais de descanso, baixa de maternidade, baixa por enfermidade, ou a súa ausencia para realizar actividades de formación.

5. Entidades sen ánimo de lucro: serán aquelas entidades relacionadas co sector agrario que, aínda que desenvolvan actividades de carácter comercial, invistan os seus beneficios resultantes, na súa totalidade, no cumprimento dos seus fins institucionais non comerciais.

6. Especial interese social: será a condición daquelas entidades que desenvolven as súas actividades propias nun subsector agrario especialmente sensible (horta, froita ou viña), ou son consideradas estratéxicas ben por razóns da súa dimensión ou ben pola súa particular localización e dispersión, en especial as zonas de montaña, segundo o definido no artigo 36º, letra a), punto i), do Regulamento (CE) 1698/2005, do 20 de setembro.

7. Pequena empresa: tomarase a definición incluída no anexo I do Regulamento (CE) 800/2008, da Comisión, do 6 de agosto.

Artigo 3º.-*Réxime de aplicación.*

Tanto os investimentos en bens inventariables referidos na sección 2ª (axudas para a implantación de servizos de asesoramento e/ou xestión), artigo 7º punto 2 a), que poderán ser subvencionados cando o beneficiario teña a condición de pequena empresa, como os investimentos en custos salariais referidos na sección 2ª (axudas para a implantación de servizos de asesoramento e/ou xestión), artigo 7º punto 2 b) e na sección 3ª (axudas á implantación de servizos de substitución), artigo 13º punto 1, ampararanse no Regulamento (CE) 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro, referente á aplicación dos artigos 87º e 88º do Tratado ás axudas *de minimis*.

### SECCIÓN SEGUNDA

### AXUDAS PARA A IMPLANTACIÓN DE SERVIZOS DE ASESORAMENTO E/OU XESTIÓN

Artigo 4º.-*Beneficiarios das axudas de implantación de servizos de asesoramento e/ou xestión.*

1. No caso de implantación de servizos de asesoramento, poderán ser beneficiarias as entidades privadas sen ánimo de lucro ou cooperativas ou, en ambos os supostos, as súas unións ou federacións, agás as agrupacións de defensa sanitaria gandeira (ADSG), as agrupacións de agricultores para tratamentos integrados na agricultura (Atria) e as agrupacións de defensa fitosanitaria (ADF), así como as súas unións ou agrupacións.

2. No caso de implantación de servizos de xestión, poderán ser beneficiarias as empresas, cooperativas e entidades asociativas do sector agrario, que teñan a autorización previa do organismo competente da Consellería do Medio Rural para exercer esa actividade.

3. Non poderán ser beneficiarias aquelas empresas que entren dentro da categoría de empresas en crise, de acordo coa definición do artigo 1º, punto 7 do Regulamento (CE) 800/2008.

4. Tampouco poderán ser beneficiarias aquelas empresas que estean suxeitas a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión da Comisión que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

Artigo 5º.-*Requisitos xerais dos beneficiarios.*

As entidades que queiran acollerse ás axudas establecidas nesta orde deberán:

1. Estar recoñecidas e inscritas, no momento de presentación da solicitude da axuda, no Rexistro de Entidades con Servizos de Asesoramento ou Xestión de Galicia (Resaxega), de acordo co número 2 do artigo 7º do Decreto 235/2007, do 29 de novembro.

2. Cumprir os requisitos sinalados nos artigos 4º e 6º do Decreto 235/2007, do 29 de novembro, para entidades que presten servizos de asesoramento e/ou servizos de xestión respectivamente.

3. Cumprir as obrigas xerais recollidas nos artigos 9º e 10º do Decreto 235/2007, do 29 de novembro. Neste sentido deberán manter o servizo nas oficinas nas mesmas condicións establecidas no momento da súa implantación e ocupados os postos de traballo, polo menos, durante un período mínimo de cinco anos contados desde a data de concesión da primeira axuda por cada tipo de programa e submedida.

No marco das obrigas recollidas nos artigos 9º e 10º do Decreto 235/2007, as entidades quedan obrigadas á comunicación de todas aquelas variacións que afecten as fichas rexistrais e, co fin de manter actualizada esta información, deben presentar ante as delegacións territoriais da Consellería do Medio Rural a seguinte documentación dirixida ao Resaxega:

a) Modificacións que afecten o plan de asesoramento ou xestión en formato papel e dixital, segundo os contidos mínimos recollidos nos anexos III e IV desta orde, cando se produzan.

b) Declaración de inicio para cada programa e submedida segundo anexo XI, xunto coa solicitude da axuda cando esta se faga por primeira vez, con data límite ata o 30 de setembro do ano da convocatoria.

c) Relación de explotacións que utilizarán os servizos de asesoramento e de cada programa de xestión, nunha base de datos informatizada (formato Excel), axustándose ao modelo e completando os campos sinalados no anexo XII, no momento da solicitude da axuda. As entidades comunicarán as altas e baixas de explotacións a que lles presta o servizo nun prazo máximo dun mes desde que se produciron estas, segundo o modelo recollido no anexo XVIII.

d) Comunicación das altas, baixas e substitucións do persoal da entidade de asesoramento ou xestión no prazo de dez días desde que a modificación se efectuou. As substitucións deberán facerse no prazo dun mes e o contrato do novo traballador deberá manter as mesmas condicións e compromisos do anterior para poder manter as axudas concedidas. A comunicación das substitucións de traballadores farase empregando o modelo do anexo XIX, achegando copia cotexada do contrato e da titulación da persoa substituta.

En caso de baixas temporais, a substitución do traballador levarase a cabo no prazo máximo de corenta e cinco días, comunicando o novo contrato no prazo máximo de 10 días, empregando o modelo do anexo XIX e achegando copia cotexada do contrato e da titulación da persoa substituta.

e) Informe-resumo de actuacións polo período subvencionable cada ano, no momento da xustificación da axuda, en formato papel e dixital, que inclúa a

relación das actuacións levadas a cabo, indicando a data, titular da explotación, CEA e definición da actuación, segundo o anexo XVII.

4. Levar a cabo durante o período de cinco anos desde a concesión da primeira axuda, por cada tipo de programa e submedida, o plan de asesoramento e/ou de xestión, deseñado e especificado ao inicio da actividade.

5. Deixar constancia das visitas, do seguimento e das recomendacións mediante as actas e informes que correspondan, debendo facilitarlle ao titular da explotación agraria demandante do servizo unha copia en papel e/ou dixital dos programas de asesoramento e/ou xestión levados a cabo na explotación de acordo co plan de asesoramento e/ou xestión definidos nos anexos III e IV.

6. Elaborar un informe individual por explotación que recolla o conxunto de actuacións desenvolvidas nela.

7. Garantir a estabilidade no emprego xerado nos contratos laborais subvencionables de acordo co artigo 7º. Para isto, no primeiro ano deberán ser de carácter indefinido ou ben de duración determinada, a cal terá unha duración mínima dun ano. No caso de postos de traballo polos cales xa se concedeu axuda nos exercicios anteriores, os contratos subvencionables deberán ser exclusivamente de carácter indefinido. En ningún caso se admitirán os contratos eventuais.

Os contratos deberán especificar como obxecto da contratación a realización de servizos de asesoramento e/ou de xestión, como corresponda en cada caso segundo o Decreto 235/2007, do 29 de novembro.

8. Garantir que cando se produza a rescisión do contrato ou a baixa dun traballador para o cal se concedeu subvención, este deberá substituírse segundo o establecido no artigo 5º 3 d) para poder manter as axudas concedidas.

9. Dispoñer dun equipo técnico capaz de atender un volume de explotacións ou de hectáreas ou de animais, de acordo cos niveis sinalados no anexo V desta orde. Os niveis sinalados para o número de explotacións, hectáreas ou animais poderán exceptuarse ou reducirse nas entidades que por razóns excepcionais debidamente xustificadas o soliciten ou que, por razóns de especial interese social, segundo a definición do artigo 2º desta orde, estea xustificado. Nestes casos o Servizo Territorial de Explotacións Agrarias onde estea o domicilio social da entidade emitirá un informe sobre a pertinencia ou non desa excepción solicitada.

10. Contribuír á formación do seu persoal técnico, facilitando a asistencia aos cursos de formación que determine a Consellería do Medio Rural.

11. As entidades recoñecidas para prestaren simultaneamente servizos nos ámbitos do asesoramento e da xestión disporán, para cada un deles, do persoal técnico adecuado e diferenciado, de acordo co referido nos artigos 4º e 6º do Decreto 235/2007 do 29 de novembro. Así mesmo, as entidades disporán dos medios materiais adecuados ás actividades que se vaian desenvolver, de acordo co referido neses artigos.

Artigo 6º.-*Requisitos específicos.*

As entidades que presten servizos de asesoramento e/ou xestión deberán cumprir, ademais:

A) Servizos de asesoramento.

1. Levar a cabo as actuacións descritas no artigo 2 punto 1, e se fose o caso, 2 punto 2.

B) Servizos de xestión.

1. Desenvolver a súa actividade no ámbito dos seguintes programas:

a) Ámbito da xestión da agricultura sustentable:

i. Programas técnico-agronómicos de produción e sanidade vexetal.

b) Ámbito da xestión zootécnica:

i. Programa de reprodución animal.

ii. Programa de alimentación.

iii. Programa de podoloxía.

c) Outros programas técnicos de xestión de carácter agronómico ou zootécnico, nos cales se sinale claramente a xustificación da súa necesidade e viabilidade técnica e económica.

2. As entidades que presten servizos de xestión levarán a cabo os rexistros informáticos necesarios, que permitan analizar as tarefas desenvoltas en cada unha das explotacións e os resultados acadados. Ademais porán esta información integramente á disposición da Consellería do Medio Rural e do titular da explotación agraria.

3. O persoal contratado pola entidade de xestión disporá da titulación específica acorde aos ámbitos dos programas de xestión técnica en que exerza a actividade, segundo o anexo XX.

Artigo 7º.-*Gastos elixibles.*

1.Os gastos elixibles non poderán ter, en ningún caso, relación directa ou indirecta coa venda de produtos ou prestación de servizos alleos aos propios servizos de asesoramento e/ou xestión, e deberán suxeitarse ao establecido no Real decreto 1852/2009, do 4 de decembro, polo que se establecen os criterios para subvencionar os gastos no marco dos programas de desenvolvemento rural cofinanciados polo Feader (BOE nº 1, do 1 de xaneiro de 2010).

2. As axudas poderán concederse ás entidades de asesoramento e/ou de xestión para os seguintes conceptos:

a) Adquisición de bens inventariables destinados á mellora dos servizos de asesoramento e/ou

xestión. O material obxecto de axuda será o seguinte:

-Hardware informático e reprográfico, software informático, material tecnolóxico e equipos de medida ou análise. No caso de software informático, material tecnolóxico e equipos de medida ou análise deberán estar directamente relacionados co programa de asesoramento e/ou xestión implantado.

Quedan excluídos a adquisición, construción ou adecuación de bens inmobles, ou a adquisición de material de segunda man, e igualmente non serán elixibles os investimentos en medios de transporte.

Serán elixibles os investimentos en bens materiais formalizados con posterioridade á solicitude de axuda de cada exercicio, unha vez comunicado o inicio da actividade, e como límite ata un mes posterior á recepción da notificación de resolución aprobatoria por parte do beneficiario.

b) Custo salarial da contratación de persoal técnico e administrativo necesario como consecuencia da implantación de servizos de asesoramento e/ou xestión.

Na contratación de persoal administrativo subvencionarase como máximo un posto administrativo por entidade solicitante.

3. No caso de novos contratos laborais de persoal, serán elixibles aqueles formalizados, desde a convocatoria destas axudas ata o 30 de setembro do ano da convocatoria, como data límite para a formalización do contrato de traballo.

4. Cando a data do inicio de actividade, segundo o sinalado no punto 5 deste artigo, sexa posterior á solicitude de axuda ao abeiro da convocatoria do ano correspondente, serán elixibles os contratos desde a data de inicio da actividade. Mentres que, se fose anterior á convocatoria do ano correspondente, entón os contratos serán elixibles desde a data da solicitude do mesmo ano.

5. No caso de contratos subvencionados na convocatoria anterior, serán elixibles doce mensualidades contadas a partir da última elixible na dita convocatoria.

Artigo 8º.-*Contía subvencionable.*

1. Os gastos en bens inventariables subvencionaranse só no caso de pequenas empresas, durante o período de 5 anos contados desde a comunicación do inicio da actividade, e como límite ata a data de finalización establecida na programación do Programa de desenvolvemento rural de Galicia. A intensidade de axuda que se aplicará os bens considerados como elixibles no artigo 7º punto 2 a) terá carácter decrecente, sendo dun 50% no primeiro ano desde a data declarada para o inicio da actividade, 40% no segundo, 30% no terceiro, 20% no cuarto e 10% no quinto.

En todo caso, a axuda máxima ao investimento realizado durante o dito período non superará os 18.000 euros de axuda para a 1ª oficina da entidade solicitante e os 8.000 euros para a segunda e sucesivas.

2. Os investimentos máximos auxiliables para a contratación de persoal técnico e administrativo serán os correspondentes ao custo salarial, excluídas as axudas de custo de desprazamento e mantemento, e de acordo coas seguintes categorías:

I) Titulado superior. Importe máximo auxiliable: 32.000 euros anuais.

II) Titulado medio. Importe máximo auxiliable: 27.000 euros anuais.

III) Técnico FP de grao superior. Importe máximo auxiliable: 22.000 euros anuais.

IV) Auxiliar administrativo. Importe máximo auxiliable: 18.000 euros anuais.

Para estes efectos considerarase como custo salarial o que inclúe o salario base, os complementos salariais, os pagamentos por horas extraordinarias, os pagamentos extraordinarios e os pagamentos atrasados, incluídos na nómina da persoa traballadora. Exclúense os complementos non salariais agás aqueles derivados da situación de incapacidade laboral temporal que a entidade teña a obriga de soportar.

Todos estes compoñentes recóllense en termos brutos, é dicir, antes de practicar retencións ou pagamentos á Seguridade Social por conta do traballador.

A axuda poderá concederse anualmente por un período de tempo máximo de cinco anos, contados desde a data da implantación do servizo, e como límite ata a data de finalización que se estableza na programación do Programa de desenvolvemento rural de Galicia. A intensidade da axuda será de ata un 60% no primeiro ano de implantación, 48% no segundo, 36% no terceiro, 24% no cuarto e 12% no quinto.

Artigo 9º.-*Documentación.*

En todos os casos as entidades quedan obrigadas ao cumprimento de ter actualizada no Resaxega toda aquela documentación establecida no Decreto 235/2007 e no artigo 5º.3 desta orde.

As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados que figuran como anexos numéricos a esta orde, acompañados da seguinte documentación:

a) Para entidades que presenten a solicitude por primeira vez nun determinado programa ou submedida:

1. Certificación do acordo de solicitude de subvención, segundo o anexo X.

2. Certificación orixinal do número de conta bancaria.

3. Documentación relacionada coa contratación de persoal:

I) Relación dos postos de traballo obxecto de solicitude de axuda e orzamento anual das contratacións, especificando mes a mes en formato papel e dixital (formato Excel), segundo anexo XIII.

II) Memoria xustificativa sobre a necesidade de contratación dos postos de traballo, misións e cualificación incluíndo, ademais, o estudo da viabilidade das contratacións que se pretenden levar a cabo.

III) Copia cotexada dos contratos obxecto de solicitude unha vez presentados no rexistro correspondente, ou compromiso de presentalos xunto coa xustificación da axuda. No caso de prórrogas de contratos ou cambio das características do contrato orixinal, presentaranse todos aqueles documentos precisos para un correcto seguimento da evolución da situación laboral actual da persoa contratada.

No caso de contratación de servizos externos, copia cotexada do contrato de servizos, que indicará a data do seu inicio, a dedicación (parcial ou total) e a duración e o ámbito do servizo, debendo ter o contrato como data máxima a do inicio da actividade.

IV) Copia cotexada da titulación académica, correspondente a cada contrato ou compromiso de presentala xunto coa xustificación da axuda. Así mesmo, presentarase a copia cotexada da titulación académica correspondente ao persoal técnico contratado por servizos externos. No caso dos técnicos podólogos que non acrediten a titulación académica específica deben xustificar a experiencia laboral sinalada no anexo XX coa seguinte documentación:

i) Para traballadores asalariados: certificación da Seguridade Social onde conste a empresa, a categoría laboral (grupo de cotización) e o período de contratación e contrato de traballo ou certificación da empresa onde adquirirse a experiencia laboral, na cal conste especificamente a duración dos períodos de prestación do contrato, a actividade desenvolvida e o intervalo de tempo en que se realizou a dita actividade.

ii) Para traballadores autónomos ou por conta propia: certificación da Seguridade Social onde consten os períodos de alta na Seguridade Social no réxime especial correspondente e descrición da actividade desenvolvida e o intervalo de tempo en que se realizou a dita actividade.

iii) Para traballadores voluntarios ou bolseiros: certificación da organización onde se prestase a asistencia en que consten, especificamente, as actividades e funcións realizadas, o ano en que se realizaron e o número total de horas dedicadas as elas.

4. Documentación relacionada cos investimentos en bens inventariables:

I) Relación de investimentos en bens inventariables acompañado de memoria xustificativa da súa necesidade, incluíndo unha especificación detallada das súas características técnicas.

II) Orzamentos ou facturas pro forma dos investimentos. De acordo co artigo 29º da Lei 9/2007, do 13 de xuño (DOG nº 121, do 25 de xuño), de subvencións de Galicia, cando o importe do investimento elixible supere a contía de 12.000 euros no suposto de subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá presentar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á entrega do ben ou á contratación do compromiso para a prestación do servizo, agás nos casos en que polas especiais características dos gastos elixibles non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten. A elección destas ofertas realizarase conforme criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

III) Documentación acreditativa de ser ou non pequena empresa:

i) eclaración segundo anexo XV de ser pequena empresa.

ii) Copia do último imposto de sociedades dispoñible.

iii) Balance e conta de resultados do último ano dispoñible.

iv) TC2 do último exercicio económico.

5. Declaración dos compromisos da entidade solicitante segundo o anexo VI.

6. Declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo obxecto segundo o anexo VIII.

7. Declaración das axudas solicitadas ou concedidas suxeitas ao Regulamento (CE) 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, referente á aplicación dos artigos 87º e 88º do Tratado ás axudas *de minimis*, segundo o anexo IX.

8. Declaración de non entrar dentro da categoría de empresa en crise, de conformidade coa definición prevista no artigo 1º.7 do Regulamento (CE) 800/2008, e de non estar suxeita a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión da Comisión que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado común, segundo o anexo XIV.

b) Para entidades que presentaron a solicitude para o mesmo programa ou submedida en anos anteriores:

1. Certificación do acordo de solicitude de subvención, segundo o anexo X.

2. Documentación relacionada coa contratación de persoal:

I) Relación dos postos de traballo obxecto de solicitude de axuda e orzamento anual das contrata-

cións, especificando mes a mes en formato papel e dixital (formato Excel), segundo anexo XIII.

II) No caso de postos de traballo polos que se solicite a axuda por primeira vez:

i) Memoria xustificativa sobre a necesidade de contratación dos postos de traballo, misións e cualificación incluíndo, ademais, o estudo da viabilidade das contratacións que se pretenden levar a cabo.

ii) Copia cotexada dos contratos obxecto de solicitude unha vez presentados no rexistro correspondente, ou compromiso de presentalos xunto coa xustificación da axuda. No caso de prórrogas de contratos ou cambio das características do contrato orixinal, presentaranse todos aqueles documentos precisos para un correcto seguimento da evolución da situación laboral actual da persoa contratada. No caso de contratación de servizos externos, copia cotexada do contrato de servizos, que indicará a data do seu inicio, a dedicación (parcial ou total), e a duración e o ámbito do servizo, debendo ter o contrato como data máxima a do inicio da actividade.

iii) Copia cotexada da titulación académica, correspondente a cada contrato ou compromiso de presentala xunto coa xustificación da axuda. Así mesmo, presentarase a copia cotexada da titulación académica correspondente ao persoal técnico contratado por servizos externos. No caso dos técnicos podólogos que non acrediten a titulación académica específica, deben xustificar a experiencia laboral sinalada no anexo XX coa seguinte documentación:

1- Para traballadores asalariados: certificación da Seguridade Social onde conste a empresa, a categoría laboral (grupo de cotización) e o período de contratación e contrato de traballo ou certificación da empresa onde adquirise a experiencia laboral, en que conste especificamente a duración dos períodos de prestación do contrato, a actividade desenvolvida e o intervalo de tempo en que se realizou a dita actividade.

2- Para traballadores autónomos ou por conta propia: certificación da Seguridade Social onde consten os períodos de alta na Seguridade Social no réxime especial correspondente e descrición da actividade desenvolvida e o intervalo de tempo en que se realizou a dita actividade.

3- Para traballadores voluntarios ou bolseiros: certificación da organización onde se prestase a asistencia en que consten, especificamente, as actividades e funcións realizadas, o ano en que se realizaron e o número total de horas dedicadas a elas.

3. Documentación relacionada cos investimentos en bens inventariables: a sinalada no punto 4 da alínea a) anterior.

4. Declaración dos compromisos da entidade solicitante segundo o anexo VI.

5. Declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo obxecto segundo o anexo VIII.

6. Declaración das axudas solicitadas ou concedidas suxeitas ao Regulamento (CE) 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro, referente á aplicación dos artigos 87º e 88º do Tratado ás axudas *de minimis*, segundo o anexo IX.

7. Declaración de non entrar dentro da categoría de empresa en crise, de conformidade coa definición prevista no artigo 1º.7 do Regulamento (CE) 800/2008, e de non estar suxeita a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión da Comisión que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado común, segundo o anexo XIV.

8. Ademais da relacionada, deberán presentar toda aquela documentación contida na alínea a) sobre a que se teña producido algunha variación respecto de solicitudes anteriores.

### Sección terceira
### Axudas á implantación de servizos de substitución

Artigo 10º.-*Beneficiarios.*

Poderán ser beneficiarias as cooperativas ou entidades asociativas do sector agrario que implanten servizos de substitución para os seus asociados, así como as empresas que leven a cabo esta actividade nas condicións establecidas nesta orde.

Artigo 11º.-*Requisitos.*

1. Implantar un servizo de substitución dotado con persoal de carácter permanente contratado conforme o contido no punto 7 deste mesmo artigo.

2. As entidades e empresas beneficiarias deberán establecer no seu Regulamento de réxime interno, en diante RRI, normas de xestión e de funcionamento do servizo de substitución.

3. As entidades e empresas de substitución deberán elaborar uns criterios de adxudicación da prestación do servizo que non poderán basearse en normas que supoñan discriminación de xénero ou condición.

4. Todos os traballadores que ocupen nalgún momento un posto de traballo subvencionado con cargo a esta liña de axudas deberán posuír a titulación ou experiencia laboral sinalada no anexo XX. Ademais, antes da xustificación da axuda, os traballadores deberán acadar a formación específica asistindo ao curso de axentes de substitución organizado pola Consellería do Medio Rural ou equivalente.

5. Cada traballador de substitución deberá ter como mínimo seis explotacións asignadas.

6. Os contratos subvencionables deberán garantir a estabilidade do emprego xerado. Para isto, no primeiro ano deberán ser de carácter indefinido ou de duración determinada. No caso de postos de traballo polos cales xa se solicitou axuda nos exercicios

anteriores, os contratos subvencionables deberán ser exclusivamente de carácter indefinido. En ningún caso se admitirán os contratos eventuais.

7. Cando se produza a rescisión dun contrato ou a baixa dun traballador para o cal se concedeu subvención, este deberá substituírse no prazo dun mes, debendo o novo traballador manter as mesmas condicións contractuais e compromisos do anterior para poder manter as axudas concedidas. A comunicación das substitucións de traballadores farase no prazo de dez días desde a formalización do contrato e empregarase o modelo do anexo XIX, achegando copia cotexada do contrato e da titulación da persoa substituta.

En caso de baixas temporais, a substitución do traballador levarase a cabo no prazo máximo de corenta e cinco días, comunicándose o novo contrato no prazo máximo de 10 días, empregando o modelo do anexo XIX e achegando copia cotexada do contrato e da titulación da persoa substituta.

8. A data límite para o inicio da actividade do servizo para acceder ás axudas será o 30 de setembro da convocatoria do ano correspondente.

Artigo 12º.-*Compromisos das entidades de substitución.*

As entidades beneficiarias comprometeranse a:

1. Manter os postos de traballo polos cales se solicitou axuda, por un período de polo menos 5 anos, desde a data de concesión da primeira axuda.

2. Cumprir as condicións de substitución do traballador especificadas no punto 8 do artigo 11º desta orde, no caso de baixa laboral ou rescisión do contrato de traballo subvencionado antes de finalizar o período de duración establecido.

3. Contribuír á formación continua do seu persoal facilitando a asistencia aos cursos de formación que determine a Consellería do Medio Rural.

Artigo 13º.-*Gastos elixibles.*

1. Considerarase elixible o custo salarial derivado da contratación do persoal técnico encargado da substitución.

2. No caso de novos contratos laborais de persoal, serán elixibles aqueles formalizados desde a convocatoria destas axudas ata o 30 de setembro do ano da convocatoria, como data límite para a formalización do contrato de traballo.

3. Cando a data do inicio de actividade, segundo o sinalado no punto 9 do artigo 11º, sexa posterior á solicitude de axuda ao abeiro da convocatoria do ano correspondente, serán elixibles os contratos desde a data de inicio da actividade. Mentres que, se fose anterior á convocatoria do ano correspondente, entón os contratos serán elixibles desde a data da solicitude do mesmo ano.

4. No caso de postos de traballo subvencionados na convocatoria anterior serán elixibles doce mensualidades contadas a partir da última elixible na dita convocatoria.

Artigo 14º.-*Contía da axuda.*

1. A axuda concederase anualmente por un período máximo de cinco anos e estará dirixida a subvencionar os custos salariais de contratación do persoal cunha intensidade máxima do 80% para o primeiro ano de implantación do servizo desde a data declarada para o inicio da actividade, o 64% no segundo, o 48% no terceiro, o 32% no cuarto e o 16% no quinto.

2. Os investimentos máximos auxiliables para a contratación de persoal serán os correspondentes aos custos salariais, entendendo como custo salarial o que inclúe o salario base, os complementos salariais, os pagamentos por horas extraordinarias, os pagamentos extraordinarios e os pagamentos atrasados, incluídos na nómina da persoa traballadora. Exclúense os complementos non salariais agás aqueles derivados da situación de incapacidade laboral temporal que a entidade teña a obriga de soportar.

Segundo a titulación do traballador, establécense os seguintes importes máximos auxiliables:

I) Técnico superior en xestión e organización de empresas agropecuarias, ou medio en explotacións gandeiras, explotacións agrícolas extensivas e intensivas, ou os seus equivalentes na FP de segundo e primeiro grao: 22.000 euros anuais.

II) Resto de traballadores: 18.000 euros anuais.

Todos estes compoñentes recóllense en termos brutos, é dicir, antes de practicar retencións ou pagamentos á Seguridade Social por conta do traballador.

Artigo 15º.-*Documentación.*

As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados que figuran como anexos numéricos a esta orde, acompañados da seguinte documentación:

a) Para entidades que presenten a solicitude por primeira vez nesta submedida.

1. Copia cotexada do CIF da entidade.

2. Copia cotexada do DNI do representante legal, no caso de non prestar autorización á Consellería do Medio Rural para a consulta dos datos de identidade, no sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio da Presidencia.

3. Copia cotexada do acordo asembleario en que se acorda o RRI, así como copia literal deste, en que se aprobe a imputación dos custos e os criterios de adxudicación do servizo.

4. Certificación do acordo de solicitude de subvención, segundo o anexo X.

5. Certificación orixinal do número de conta bancaria.

6. Declaración do inicio da actividade segundo o anexo XI.

7. Base de datos en papel e dixital (formato Excel) das explotacións que utilizarán o servizo de substitución segundo o anexo XII.

8. Documentación relacionada coa contratación de persoal:

I) Relación dos postos de traballo obxecto da solicitude de axuda e orzamento anual das contratacións especificado mes a mes, en formato papel e dixital (formato Excel) segundo anexo XIII.

II) Memoria xustificativa sobre a necesidade de contratación dos postos de traballo, misións e cualificación, incluíndo ademais o estudo da viabilidade das contratacións que se pretenden levar a cabo.

III) Copia cotexada dos contratos obxecto da solicitude unha vez presentados no rexistro correspondente, ou compromiso de presentalos xunto coa xustificación da axuda. No caso de prórrogas de contratos ou cambio das características do contrato orixinal presentaranse todos aqueles documentos precisos para un correcto seguimento da evolución da situación laboral actual da persoa contratada.

IV) Copia cotexada da titulación académica ou acreditación da experiencia laboral ou compromiso de presentala xunto coa xustificación da axuda. A experiencia laboral requirida no anexo XX xustificarase do seguinte xeito:

i) Para traballadores asalariados: certificación da Seguridade Social onde conste a empresa, a categoría laboral (grupo de cotización) e o período de contratación e contrato de traballo ou certificación da empresa onde adquirise a experiencia laboral, en que conste especificamente a duración dos períodos de prestación do contrato, a actividade desenvolvida e o intervalo de tempo en que se realizou a dita actividade.

ii) Para traballadores autónomos ou por conta propia: certificación da Seguridade Social onde consten os períodos de alta na Seguridade Social no réxime especial correspondente e descrición da actividade desenvolvida e o intervalo de tempo en que se realizou a dita actividade.

iii) Para traballadores voluntarios ou bolseiros: certificación da organización onde se prestase a asistencia en que consten, especificamente, as actividades e funcións realizadas, o ano en que se realizaron e o número total de horas dedicadas elas.

V) Acreditación da formación específica da/s persoas contratadas, ou compromiso de presentala como máximo coa xustificación da axuda.

9. Declaración dos compromisos da entidade solicitante segundo anexo VII.

10. Declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo obxecto segundo o anexo VIII.

11. Declaración das axudas solicitadas ou concedidas suxeitas ao Regulamento (CE) 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro (DOL 368, do 23 de decembro), referente á aplicación dos artigos 87º e 88º do Tratado ás axudas *de minimis*, segundo o anexo IX.

12. Declaración de non entrar dentro da categoría de empresa en crise, de conformidade coa definición prevista no artigo 1º.7 do Regulamento (CE) 800/2008, e de non estar suxeita a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión da Comisión que teña declarado unha axuda ilegal e incompatible co mercado común, segundo o anexo XIV.

b) Para entidades que presentaron a solicitude para esta submedida en anos anteriores:

1. Certificación do acordo de solicitude de subvención, segundo o anexo X.

2. Base de datos en papel e dixital (formato Excel) das explotacións que utilizarán o servizo de substitución segundo o anexo XII.

3. Documentación relacionada coa contratación de persoal:

I) Relación dos postos de traballo obxecto da solicitude de axuda e orzamento anual das contratacións especificado mes a mes, en formato papel e dixital (formato Excel) segundo anexo XIII.

II) No caso de postos de traballo polos que se solicite a axuda por primeira vez:

i) Memoria xustificativa sobre a necesidade de contratación dos postos de traballo, misións e cualificación, incluíndo ademais o estudo da viabilidade das contratacións que se pretenden levar a cabo.

ii) Copia cotexada dos contratos obxecto da solicitude unha vez presentados no rexistro correspondente, ou compromiso de presentalos xunto coa xustificación da axuda. No caso de prórrogas de contratos ou cambio das características do contrato orixinal presentaranse todos aqueles documentos precisos para un correcto seguimento da evolución da situación laboral actual da persoa contratada.

iii) Copia cotexada da titulación académica ou acreditación da experiencia laboral ou compromiso de presentala xunto coa xustificación da axuda. A experiencia laboral requirida no anexo XX xustificarase do seguinte xeito:

1. Para traballadores asalariados: certificación da Seguridade Social onde conste a empresa, a categoría laboral (grupo de cotización) e o período de contratación e contrato de traballo ou certificación da empresa onde adquirira a experiencia laboral, en que conste especificamente a duración dos períodos de prestación do contrato, a actividade desenvolvida e o intervalo de tempo en que se realizou dita actividade.

2. Para traballadores autónomos ou por conta propia: certificación da Seguridade Social onde consten os períodos de alta na Seguridade Social no réxime especial correspondente e descrición da actividade desenvolvida e o intervalo de tempo en que se realizou dita actividade.

3. Para traballadores voluntarios ou bolseiros: certificación da organización onde se prestase a asistencia en que consten, especificamente, as actividades e funcións realizadas, o ano en que se realizaron e o número total de horas dedicadas a elas.

iv) Acreditación da formación específica da/s persoas contratadas, ou compromiso de presentala como máximo coa xustificación da axuda.

4. Declaración dos compromisos da entidade solicitante segundo anexo VII.

5. Declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo obxecto segundo o anexo VIII.

6. Declaración das axudas solicitadas ou concedidas suxeitas ao Regulamento (CE) 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro (DOL 368, do 23 de decembro), referente á aplicación dos artigos 87º e 88º do Tratado ás axudas de minimis, segundo anexo IX.

7. Declaración de non entrar dentro da categoría de empresa en crise, de conformidade coa definición prevista no artigo 1º.7 do Regulamento (CE) 800/2008, e de non estar suxeita a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión da Comisión que teña declarado unha axuda ilegal e incompatible co mercado común, segundo o anexo XIV.

8. Ademais da relacionada, deberán presentar toda aquela documentación contida na alínea a) sobre a que se teña producido algunha variación respecto de solicitudes anteriores.

### Sección cuarta

### Solicitude, instrución, resolución e pagamento da axuda

Artigo 16º.-*Solicitude de axudas.*

1. Os interesados en acceder ás axudas previstas para a implantación de entidades que presten servizos de xestión, substitución e asesoramento deberán presentar unha solicitude axustada ao modelo do anexo I, xunto coa documentación especificada no anexo II.

2. A data límite para a implantación ou inicio da actividade desde que se solicita a axuda será o 30 de setembro do ano da convocatoria.

3. A presentación da solicitude de axuda ou subvención polo interesado suporá a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que teñan que emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellaría de Facenda da Xunta de Galicia, segundo o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Así mesmo, de acordo co establecido na disposición primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, de ser o caso.

5. A solicitude de axudas presentarase anualmente de acordo coa correspondente convocatoria.

Artigo 17º.-*Instrución.*

1. Se os impresos de solicitude non están debidamente cubertos, se non se achega a documentación establecida ou se o expediente presenta defectos corrixibles, requirirase o interesado para que nun prazo máximo de dez días emende os erros ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non o facer, se terá por desistido da súa petición, logo de resolución, de conformidade co disposto no artigo 71º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. O órgano responsable da instrución dos expedientes destas axudas será a Dirección Xeral de Produción Agropecuaria.

Artigo 18º.-*Comisión de valoración.*

1. A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios de valoración establecidos no artigo 20º desta orde e formular a proposta de concesión ao director xeral de Produción Agropecuaria que, pola súa vez, a elevará ao conselleiro do Medio Rural.

2. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

Presidente: subdirector ou subdirectora xeral de Apoio ás Explotacións Agrarias.

Vogais: tres funcionarios da Subdirección Xeral de Apoio ás Explotacións Agrarias con categoría non inferior a xefe de sección, un dos cales actuará como secretario.

Artigo 19º.-*Criterios de prioridade.*

1. As axudas reguladas nesta orde concederanse en réxime de concorrencia competitiva e, en todo caso, con suxeición aos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade, e estarán supeditadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes partidas orzamentarias.

2. Ás solicitudes iniciais de participación neste réxime de axudas aplicaránselles os seguintes criterios de prioridade:

a) Para as entidades recoñecidas como entidades que presten servizos de asesoramento:

1º Entidades que presten servizos de asesoramento para a implantación do CES, de acordo co arti-

go 2º punto 2.a), nunha porcentaxe de explotacións superior ao 30% do total de explotacións aconselladas: 5 puntos.

2º Entidades que ofrezan servizos de asesoramento integral que inclúa outras materias de xestión levadas a cabo na explotación, de acordo co artigo 2º punto 2.b), ademais das materias do obrigado asesoramento, nunha porcentaxe de explotacións igual ou superior ao 70% de explotacións aconselladas: 4 puntos.

3º Entidades que presten servizos de asesoramento dirixidos cara a novos retos, de acordo co artigo 2º punto 2.b), nunha porcentaxe de explotacións superior ao 50% do total de explotacións aconselladas: 3 puntos.

4º Pola contratación de mulleres ou mozos menores de 30 anos nos postos de traballo obxecto de solicitude nunha porcentaxe de 50% ou máis: 2 puntos.

5º Pola localización maioritaria das explotacións a que se presta o servizo en zonas desfavorecidas definidas no artigo 36º letra a) do Regulamento CEE 1698/2005, do 20 de setembro, ou na Rede Natura: 2 puntos.

b) Para as entidades recoñecidas como entidades que presten servizos de xestión:

1º Entidades que presten servizos de xestión para a implantación do CES nunha porcentaxe de explotacións superior ao 30% do total de explotacións a que se lles da este servizo: 5 puntos.

2º Pola contratación de mulleres ou mozos menores de 30 anos nos postos de traballo obxecto de solicitude, nunha porcentaxe de 50% ou máis: 2 puntos.

3º Pola localización maioritaria das explotacións a que se presta o servizo en zonas desfavorecidas definidas no artigo 36º letra a) do Regulamento CEE 1698/2005, do 20 de setembro, ou na Rede Natura: 2 puntos.

c) Para as entidades que presten servizos de substitución:

1º Pola contratación de mulleres ou mozos menores de 30 anos nos postos de traballo obxecto de solicitude, nunha porcentaxe de 50% ou máis: 2 puntos.

2º Pola localización maioritaria das explotacións a que se presta o servizo en zonas desfavorecidas definidas no artigo 36º letra a) do Regulamento CEE 1698/2005, do 20 de setembro, ou na Rede natura: 2 puntos.

3º Segundo a orientación produtiva maioritaria das explotacións a que se presta servizo:

Vacún de leite: 6 puntos.

Ovino/cabrún de leite: 5 puntos.

Vacún de carne: 4 puntos.

Ovino/cabrún carne: 3 puntos.

Outros sectores gandeiros: 2 puntos.

Sectores agrícolas: 1 punto.

Artigo 20º.-*Resolución.*

1. Unha vez concluída a instrución do expediente, a comisión de valoración emitirá un informe en que se concretará o resultado da avaliación, que se presentará ao director xeral de Produción Agropecuaria, o cal lle formulará proposta de resolución ao conselleiro do Medio Rural.

2. O conselleiro, á vista da proposta, ditará a correspondente resolución de concesión da subvención e o seu importe previsto, segundo as normas e criterios establecidos nesta orde, así como en función das solicitudes presentadas e da dotación orzamentaria existente, no prazo de nove meses contados a partir da data de finalización do prazo de presentación das solicitudes.

3. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase e notificase a correspondente resolución, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude.

Artigo 21º.-*Xustificación da axuda.*

1. A xustificación de todos os gastos considerados como elixibles nos artigos 7º e 13º e dos compromisos adquiridos realizarase no prazo máximo dun mes desde a data de pagamento da última nómina considerada elixible para o ano que corresponda. Xunto coa xustificación dos gastos achegarase a solicitude de pagamento (anexo XVI), polo importe total do ano de execución do proxecto.

2. A xustificación acreditarase mediante a seguinte documentación:

a) Documentación común ás tres submedidas:

I) Solicitude de pagamento, polo total dos gastos, de acordo co anexo XVI. A solicitude de pagamento presentarase separadamente para cada submedida, indicando cada un dos gastos separadamente (os gastos aprobados en bens inventariables e os gastos de persoal mes a mes).

II) Declaración actualizada do beneficiario de non ter obtido ou estar pendente de obter outra axuda que sexa incompatible coa subvención concedida (anexo VIII)

III) Declaración das axudas solicitadas ou concedidas suxeitas ao Regulamento (CE) 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro (DOL 368, do 23 de decembro), referente á aplicación dos artigos 87º e 88º do Tratado ás axudas de minimis, segundo anexo IX.

IV) Para axudas aos custos salariais

i) Copia cotexada das nóminas aboadas

ii) Xustificante do pagamento das nóminas.

iii) Xustificante do pagamento dos gastos da Seguridade Social (TC1, TC2).

iv) Xustificante do pagamento de retencións e ingresos á conta do IRPF (modelo 110 ou 111).

Todos os xustificantes destes gastos consistirán no orixinal ou copia cotexada do xustificante bancario do pagamento debidamente selado pola entidade bancaria.

V) Calquera outra que se sinale expresamente na resolución de concesión.

b) Documentación específica dos servizos de asesoramento/xestión:

I) Toda aquela establecida no artigo 5º.3 para a actualización dos cambios que se vaian producindo ao longo do período de execución do plan, nos prazos que en cada caso correspondan.

II) Para as axudas aos investimentos en bens inventariables: os xustificantes dos gastos elixibles que se inclúan na solicitude de pagamento consistirán de forma xeral nas facturas orixinais acreditativas do servizo, que deberán cumprir as exixencias que establece a Axencia Tributaria (Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro) e serán dilixenciadas pola Administración, co texto Cofinanciado con fondos comunitarios. As facturas presentaranse en orixinal e marcaranse cun selo indicando nel a subvención para cuxa xustificación foron presentadas e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención indicando, neste último caso, a contía exacta que resulte afectada pola subvención.

Estes xustificantes virán acompañados do documento que verifique o pagamento efectivo delas co orixinal ou copia cotexada do xustificante bancario do pagamento debidamente selado pola entidade, o cal pode ser un xustificante de transferencia bancaria, un xustificante bancario de ingreso de efectivo por portelo ou unha certificación bancaria. Se o pagamento se instrumenta mediante efectos mercantís que permitan o pagamento aprazado (cheque, pagaré, letra de cambio), achegarase a factura xunto coa copia do efecto mercantil, acompañado da documentación bancaria (extracto da conta do beneficiario, documento bancario acreditativo do pagamento do efecto), en que conste que o dito efecto foi efectivamente cargado na conta da persoa beneficiaria, dentro do prazo establecido no artigo 7º punto 2.a).

III) Deberán presentar, dirixido ao Resaxega segundo establece o artigo 5º 3 e), un informe resumo en formato dixital que inclúa a relación das actuacións levadas a cabo, indicando a data, titular da explotación, CEA e definición da actuación, segundo o anexo XVII.

c) Documentación específica dos servizos de substitución:

I) As entidades que prestasen servizos de substitución presentarán en formato papel e dixital unha relación actualizada das explotacións que utilizaron o servizo xunto cunha memoria coa desagregación dos servizos efectuados polos técnicos en cada explotación, incluída a data de prestación do servizo e a súa duración en horas.

4. Non se admitirán como subvencionables os investimentos realizados ou iniciados con anterioridade á presentación da solicitude de axuda, agás nos casos establecidos nos artigos 7º.4 e 13º. Para estes efectos, considerarase como inicio do investimento o primeiro compromiso que obriga legalmente á realización dos investimentos.

5. O beneficiario deberá dispoñer dunha contabilidade específica Feader ou ben un código contable adecuado, en que deben estar incluídos os gastos declarados para a presente axuda.

Artigo 22º.-*Pagamento da axuda.*

1. O pagamento da subvención realizarase logo da xustificación polo beneficiario, nos termos recollidos no artigo anterior. Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención nos supostos de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. A falta de comunicación ou de realización dos investimentos entenderase como renuncia ás axudas concedidas, quedando sen efecto a resolución de concesión da axuda.

Artigo 23º.-*Concorrencia e acumulación de axudas.*

1. As axudas reguladas nesta orde serán incompatibles con calquera outra das outorgadas polas distintas administracións públicas, referidas para a mesma finalidade.

2. O importe máximo das axudas concedidas a través desta orde xunto con outras concedidas ao amparo do Regulamento (CE) 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro, referente á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas de minimis, non poderán superar o límite de 200.000 euros en tres anos. Cando o importe global da axuda que se vai conceder baixo o antedito regulamento supere este límite máximo, o antedito importe non poderá acollerse ao presente regulamento nin sequera para unha fracción que non supere o límite máximo e, polo tanto, será denegada.

Artigo 24º.-*Obriga de facilitar información.*

Ademais da documentación complementaria que durante a tramitación do procedemento lle poidan exixir os órganos competentes da Consellería do Medio Rural, os beneficiarios das axudas teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas públicas, así como a que lles sexa solicitada por calquera órgano de inspección ou control da Unión Europea.

Artigo 25º.-*Modificación da resolución de concesión.*

1. Toda alteración das condicións iniciais para a concesión das axudas previstas nesta orde e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. Calquera modificación dos investimentos aprobados que supoña un cambio de obxectivos, conceptos, ou variación do orzamento, así como de calquera condición específica sinalada na resolución de concesión, requirirá a autorización desta consellería, unha vez presentada a correspondente solicitude xustificativa. No caso de redución dos investimentos, sempre que se manteñan os obxectivos iniciais, a subvención concedida verase diminuída na contía proporcional conseguinte.

Artigo 26º.-*Reintegro, reducións, exclusións e sancións.*

1. O interesado ten a obriga do reintegro, total ou parcial, da subvención ou axuda pública percibida xunto cos xuros de demora producidos desde o tempo que medie entre a notificación da resolución do procedemento de reintegro e o seu reembolso efectivo, nos supostos de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, así como nos demais supostos previstos no artigo 33º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, e na normativa comunitaria aplicable, aos beneficiarios das axudas reguladas nesta orde seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto nos artigos 50º a 68º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Regulamento (CE) 1975/2006 da Comisión, do 7 de decembro. En particular, e en aplicación do establecido no artigo 31º do Regulamento (CE) 1975/2006 da Comisión, no caso de que se descubra que un beneficiario fixo deliberadamente unha declaración falsa, revogarase a axuda concedida, sen pagar cantidade ningunha e debendo reintegrar o beneficiario as contías percibidas xunto cos xuros de demora producidos desde o seu pagamento. Ademais, ao beneficiario non se lle poderán conceder nin pagar axudas ao abeiro desta orde nas dúas convocatorias seguintes.

3. Sobre as reducións será de aplicación o Regulamento (CE) 1975/2006, da Comisión, do 7 de decembro, e sobre o cal os pagamentos se calcularán sobre a base do que se considera elixible, tras determinar:

a) O importe que se pode conceder ao beneficiario en función da solicitude de pagamento. Para tal efecto tomarase en consideración a suma dos importes de gastos que o beneficiario presenta como xustificación da operación aprobada.

b) O importe que se pode conceder ao beneficiario logo de controlar a elixibilidade dos gastos que o beneficiario presenta como xustificación da operación aprobada.

A cantidade que debe pagar o beneficiario será a definida na alínea b). Cando o importe sinalado na alínea a) supera ao importe sinalado na alínea b) en máis dun 3%, a cantidade que se pagará é igual ao importe sinalado na alínea b) menos a diferenza entre os dous importes. Esta redución non se aplicará cando o beneficiario pode demostrar que non é responsable da inclusión do importe non elixible.

As reducións prescritas aplicaranse igualmente sobre os gastos non elixibles identificados nos controis sobre o terreo e nos controis a posteriori.

4. Cando se determine intencionalidade na presentación dunha declaración falsa, o beneficiario quedará excluído da axuda Feader en cuestión e do resto de axudas vinculadas á medida durante o exercicio Feader de que se trate e os dous seguintes.

5. Así mesmo, tamén será aplicable o réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións previsto na Lei 9/2007.

Artigo 27º.-*Medidas informativas e publicitarias das axudas cofinanciadas polo Feader.*

1. Nos instrumentos de información e difusión que utilice a Consellería do Medio Rural farase constar que, á marxe doutras fontes de financiamento público, concorre o financiamento con fondos Feader.

2. Conforme o establecido no artigo 58º e no anexo VI do Regulamento (CE) 1974/2006, o beneficiario das axudas deberá cumprir coa normativa sobre información e publicidade das axudas do Feader indicadas no anexo VI do referido regulamento. En particular, no caso de investimentos subvencionados cun custo total superior a 50.000 euros, o beneficiario deberá colocar unha placa explicativa en que figurará unha descrición do proxecto, así como a bandeira europea e o lema Feader: «Europa inviste no rural».

3. Así mesmo, nestes senso deberase tamén cumprir o establecido no Decreto 409/2009, do 5 de novembro, polo que se aproba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia.

Artigo 28º.-*Recursos administrativos.*

As resolucións expresas ou presuntas ditadas en aplicación desta orde esgotan a vía administrativa e contra elas poderase interpor potestativamente recurso de reposición ante o conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, se é expresa, ou de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo os casos; ou ben poderá ser impugnada directamente ante o órgano xurisdicional contencioso-administrativo, no prazo de dous meses.

Artigo 29º.-*Controis das axudas.*

A Dirección Xeral de Produción Agropecuaria realizará os controis sobre o terreo así como as comproba-

cións e inspeccións que considere oportunas, particularmente, aqueles controis sobre a documentación e rexistros elaborados e facilitados polas entidades de asesoramento e/ou xestión ao agricultor, co fin de comprobar a veracidade dos datos e da documentación presentada, así como o lóxico seguimento e control das axudas concedidas. Ademais da documentación complementaria que durante a tramitación do procedemento lles poidan exixir os órganos correspondentes da Dirección Xeral de Produción Agropecuaria, os beneficiarios deberán someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro das entidades competentes e, en particular, da Consellería do Medio Rural, Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga), Consello de Contas, e ás que sexan realizadas por calquera órgano comunitario de inspección ou control.

Ás axudas recollidas nesta orde seralles de aplicación o referido a controis sobre o terreo no Regulamento (CE) 1975/2006, no que respecta á aplicación dos procedementos de control da condicionalidade en relación coas medidas da axuda ao desenvolvemento rural.

## Sección quinta
## Convocatoria para o ano 2011

Artigo 30º.-*Obxecto.*

Esta sección ten por obxecto a convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para o ano 2011 das axudas para a implantación dos servizos de asesoramento, xestión e substitución segundo as bases reguladoras establecidas nesta orde.

Artigo 31º.-*Prazo de presentación.*

1. O prazo de presentación será desde o 3 ata o 31 de xaneiro de 2011, ambos incluídos.

2. A presentación da solicitude de axuda realizarase segundo o previsto no artigo 38º.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e, preferentemente, nos rexistros das oficinas agrarias comarcais, utilizando os impresos normalizados incluídos como anexos I e II. Coa solicitude de axuda achegarase a documentación complementaria establecida nesta orde.

Artigo 32º.-*Financiamento para o ano 2011.*

1. As axudas reguladas nesta orde estarán financiadas do xeito seguinte:

Aplicación orzamentaria 712B.7720 C.P. 200700423.

Importe para o exercicio 2011: 100.000 euros, dos que 45.000 euros se destinan ás axudas ás entidades de servizos de asesoramento, 25.000 ás de servizos de substitución e 30.000 ás de servizos de xestión.

Importe para o exercicio 2012: 2.200.000 euros, dos que 990.000 euros se destinan ás axudas ás entidades de servizos de asesoramento, 550.000 ás de servizos de substitución e 660.000 ás de servizos de xestión.

2. Á vista do volume das solicitudes presentadas para cada tipo de servizo, mediante resolución do conselleiro do Medio Rural poderá redistribuírse entre elas o crédito aprobado, limitándose sempre ás dispoñibilidades orzamentarias. En función desas dispoñibilidades poderán incrementarse as contías destinadas ás subvencións que se convocan, sen que isto supoña ampliación do prazo de presentación de solicitudes.

### *Disposicións adicionais*

Primeira.-En todo aquilo non previsto nesta orde será de aplicación o disposto no Regulamento 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), nos regulamentos 1974/2006 e 1975/2006, da Comisión, polo que se establecen disposicións de aplicación do regulamento anterior, no Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2007-2013 aprobado pola Unión Europea, no Regulamento (CE) 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87º e 88º do Tratado ás axudas *de minimis*, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segunda.-De conformidade co artigo 13º.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería do Medio Rural publicará na súa páxina web oficial as concesións das axudas reguladas nesta orde, polo que a presentación da solicitude leva implícita autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Así mesmo, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, de ser o caso. O interesado poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorra algunha das circunstancias previstas na letra d) do número 2 do artigo 15º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase o director xeral de Produción Agropecuaria para ditar as instrucións precisas para a execución do disposto nesta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia.*

Santiago de Compostela, 22 de decembro de 2010.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*ANEXO I*

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE Y MEDIO RURAL Y MARINO

**FEADER: Europa inviste no rural**
**UNIÓN EUROPEA**

| PROCEDEMENTO | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO | DOCUMENTO |
|---|---|---|
| ***AXUDAS PARA A IMPLANTACIÓN DE SERVIZOS DE ASESORAMENTO, XESTIÓN E SUBSTITUCIÓN NOS ÁMBITOS AGRÍCOLA E GANDEIRO*** | ***MR555A*** | ***SOLICITUDE*** |

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

| ENTIDADE | | | CIF |
|---|---|---|---|
| ENDEREZO | | PROVINCIA | CONCELLO |
| CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO | FAX | CORREO ELECTRÓNICO |

**E na súa representación:**

| APELIDOS | NOME | NIF |
|---|---|---|
| ENDEREZO | PROVINCIA | CONCELLO |
| CÓDIGO POSTAL / TELÉFONO | FAX | CORREO ELECTRÓNICO |

SOLICITA que lle sexan concedidas as axudas establecidas ao abeiro desta orde, para a implantación nos ámbitos agrícola e gandeiro de:

☐ Servizos de asesoramento.
☐ Servizos de xestión: ☐ Produción e sanidade vexetal ☐ Reprodución animal ☐ Alimentación ☐ Podoloxía ☐ Outros
☐ Servizos de substitución.

**EXPÓN:**
Que autoriza a Consellería do Medio Rural para incluír e facer público nos rexistros de axudas, subvencións, convenios e sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas; e que autoriza a Consellería do Medio Rural para o tratamento necesario dos seus datos, para os efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 13º.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, para publicar na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas.

Autorizo a consellería, de conformidade co artigo 2º do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos meus datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia

☐ SI ☐ NON (Neste caso presente fotocopia)

**ADVERTENCIA LEGAL:**

En cumprimento do disposto no artigo 5º da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento. Se o dexexa pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, dirixindo un escrito a esta consellería como responsable do ficheiro.

LEXISLACIÓN APLICABLE

*Orde do 22 de decembro de 2010 pola que se establecen as axudas en concorrencia competitiva para a implantación de servizos de asesoramento, xestión e substitución nas explotacións agrarias, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2007-2013, e se convocan par o ano 2011.*

SINATURA DO/A PRESIDENTE/A OU REPRESENTANTE LEGAL

*Lugar e data*

, de de 20

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA
____ /____/______

DATA DE EFECTOS
____ /____/______

DATA DE SAÍDA
____ /____/______

*CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL - DEPARTAMENTO TERRITORIAL*

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO II

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE Y MEDIO RURAL Y MARINO

FEADER: Europa inviste no rural
UNIÓN EUROPEA

**LISTA DE CONTROL DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA**
**(Indíquese cun X a documentación debidamente ordenada, que se achega coa solicitude)**

**A.- Entidades de asesoramento e/ou xestión**

- ☐ Certificado do acordo de solicitude de subvención, segundo o anexo X.
- ☐ Certificado orixinal de número de conta bancaria.
- ☐ Relación dos postos de traballo obxecto de solicitude de axuda e orzamento anual das contratacións, especificando mes a mes en formato papel e dixital (formato Excel), segundo anexo XIII.
- ☐ Memoria xustificativa sobre a necesidade de contratación dos postos de traballo, misións e cualificación incluíndo, ademais, o estudo da viabilidade das contratacións que se pretenden levar a cabo.
- ☐ Copia cotexada dos contratos obxecto da solicitude ou compromiso de presentalos xunto coa xustificación da axuda. No caso de servizos externos, copia cotexada do contrato de servizos.
- ☐ Copia cotexada da titulación académica ou, no caso dos podólogos, acreditación da experiencia laboral previa, correspondente a cada contrato ou compromiso de presentala xunto coa xustificación da axuda.
- ☐ Relación de investimentos incluíndo unha especificación detallada das características técnicas do equipamento e programas informáticos, de ser o caso, e memoria xustificativa das súas características técnicas.
- ☐ Orzamento ou facturas *pro forma* dos investimentos.
- ☐ Declaración segundo anexo XV de ser pequena empresa.
- ☐ Copia do último imposto de sociedades dispoñible.
- ☐ Balance e conta de resultados do último ano dispoñible.
- ☐ TC2 do último exercicio económico.
- ☐ Declaración dos compromisos da entidade solicitante segundo o anexo VI.
- ☐ Declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto segundo o anexo VIII.
- ☐ Declaración das axudas solicitadas ou concedidas suxeitas ao Regulamento 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro, segundo o anexo IX.
- ☐ Declaración de non entrar dentro da categoría de empresa en crise nin estar suxeita a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión da Comisión que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado común, segundo anexo XIV.

**B.- Entidades de substitución**

- ☐ Copia cotexada do CIF da entidade.
- ☐ Copia cotexada do NIF do representante legal ou autorización á Consellería do Medio Rural para a consulta dos datos de identidade no Sistema de Verificación de Datos de Identidade do Ministerio da Presidencia.
- ☐ Copia cotexada do acordo asembleario en que se aproba o Regulamento de réxime interno.
- ☐ Copia literal do Regulamento de réxime interno.
- ☐ Certificado do acordo de solicitude de subvención, segundo o anexo X.
- ☐ Certificado orixinal de número de conta bancaria.
- ☐ Declaración do inicio da actividade segundo o anexo XI.
- ☐ Base de datos en papel e dixital (formato Excel) das explotacións que utilizarán o servizo de substitución, así como a súa orientación produtiva e o seu censo gandeiro, de ser o caso, segundo anexo XII.
- ☐ Relación dos postos de traballo obxecto de solicitude de axuda e orzamento anual das contratacións, especificando mes a mes en formato papel e dixital (formato Excel), segundo anexo XIII.
- ☐ Memoria xustificativa sobre a necesidade dos postos de traballo, misións e cualificación dos postos de traballo, incluíndo, ademais, o estudo da viabilidade das contratacións que se pretenden levar a cabo.
- ☐ Copia cotexada dos contratos obxecto da solicitude ou compromiso de presentalos xunto coa xustificación da axuda.
- ☐ Copia cotexada da titulación académica ou acreditación da experiencia laboral previa correspondente a cada contrato ou compromiso de presentala xunto coa xustificación da axuda.
- ☐ Acreditación da formación específica das persoas contratadas ou compromiso de presentala como máximo coa xustificación da axuda.
- ☐ Declaración dos compromisos da entidade solicitante segundo o anexo VII.
- ☐ Declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto segundo o anexo VIII.
- ☐ Declaración das axudas solicitadas ou concedidas suxeitas ao Regulamento 1998/2006, da Comisión, do 15 de decembro, segundo o anexo IX.
- ☐ Declaración de non entrar dentro da categoría de empresa en crise nin estar suxeita a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión da comisión que declarase unha axuda ilegal e incompatible co mercado común, segundo anexo XIV.

*ANEXO III*

**Plan de asesoramento**

1. Ámbito xeográfico de actuación.

2. Metodoloxía de asesoramento.

Establecer a metodoloxía de asesoramento técnico e seguimento que se vai implantar, e que recolla como mínimo:

2.1. Principais características das explotacións do ámbito de actuación.

Recoller polo menos os seguintes aspectos:

a) Tipoloxía: agrícola, gandeira ou mixta.

b) Orientación produtiva (vacún de leite, vacún de carne, ovino, viñedo, horta, etc.).

c) Dimensión:

*Nº de explotacións.

*Superficie media/explotación.

*Nº cabezas de gando medio/explotación.

2.2. Obxectivos.

Determinación dos obxectivos que se van acadar para, se é o caso, corrixir e/ou mellorar o cumprimento do conxunto de prácticas na explotación ou explotacións con características semellantes, en relación cos RLX, BCAM, seguridade laboral, medidas de acción positiva desde a vertente de xénero, remuda xeracional e inicio da actividade de persoas agricultoras mozas. Estes obxectivos serán avaliables e cuantificables.

De ser o caso, especificaranse os obxectivos de cara á posta en marcha do Contrato de Explotación Sustentable (CES), ou doutras actividades diferentes do ámbito dos servizos de xestión, como son o asesoramento no ámbito dos novos retos, segundo o artigo 5º do Decreto 235/2007, que contribúan a un asesoramento de carácter integral.

2.3. Diagnose técnica inicial.

Descrición das actuacións que se van levar a cabo e dos puntos de control que se van comprobar para establecer a diagnose inicial das explotacións principalmente canto á situación relativa aos requisitos legais de xestión (en diante, RLX), boas condicións agrarias e ambientais (en adiante, BCAM), seguridade laboral, medidas de acción positiva desde a vertente de xénero, remuda xeracional e inicio da actividade de persoas agricultoras mozas.

2.4. Medidas de actuación.

Descrición das medidas concretas de actuación para acadar os obxectivos propostos, cronograma e a planificación para levalas a cabo.

2.5. Sistema de seguimento das orientacións produtivas.

Sinalar o control e seguimento que se levará a cabo para acadar a implantación das medidas previamente definidas no asesoramento para cada unha das orientacións produtivas (vacún de leite, vacún de carne, ovino, viñedo, horta, etc.), especificando polo menos:

*Nº visitas/explotación e periodicidade.

*Definición dos puntos críticos que se van examinar para a comprobación das prácticas agrarias en relación cos RLX, BCAM, seguridade laboral, medidas de acción positiva desde a vertente de xénero, remuda xeracional e inicio da actividade de persoas agricultoras mozas.

2.6. Mostraxes.

Determinación das mostraxes (metodoloxía da mostraxe, periodicidade, intensidade e parámetros que se van controlar).

2.7. Documentación de traballo.

Relación e modelos da documentación necesaria que deixe constancia das visitas, seguimento e recomendacións (actas, informes, etc.).

2.8. Método de autoavaliación e propostas.

Determinar os indicadores que permitan avaliar o grao de cumprimento dos obxectivos propostos en cada un dos ámbitos dos RLX, BCAM, seguridade laboral, medidas de acción positiva desde a vertente de xénero, remuda xeracional e inicio da actividade de persoas agricultoras mozas, e en cada unha das orientacións produtivas.

No caso da posta en marcha dun CES, asesoramento en novos retos ou doutras actividades que acaden un asesoramento integral, diferentes do ámbito dos servizos de xestión segundo artigo 5º do Decreto 235/2007, especificaranse, ademais, aqueles indicadores que mellor definan a consecución dos obxectivos definidos.

2.9. Obxectivos específicos do ámbito de asesoramento nos novos retos.

-A redución dos custos na produción leiteira e maximización do uso de recursos propios da explotación.

-O aforro de auga da explotación.

-A conservación da biodiversidade e medidas que favorezan a descontaminación atmosférica.

-A redución dos gastos en enerxía, mediante o aforro e a eficiencia enerxética.

-A substitución do uso de enerxías convencionais por enerxías renovables.

As propostas deberán incidir, en xeral, na estratexia de redución de custos mediante estratexias de aforro e a eficiencia enerxética nas explotacións, que minimicen a dependencia externa da enerxía, e a substitución de insumos por recursos naturais localmente dispoñibles, que permitirán incrementar a competitividade das explotacións, redundando á súa vez nunha redución significativa das externalidades ambientais asociadas á actividade agraria.

Reestruturación do sector leiteiro.

No caso do asesoramento no ámbito da restruturación do sector leiteiro, o asesoramento incidirá fundamentalmente na redución dos custos na produción leiteira e maximización do uso de recursos propios da explotación.

Cambio climático e enerxías renovables.

No caso das enerxías renovables e cambio climático, o asesoramento incidirá no asesoramento sobre investimentos que supoñan unha redución dos gastos en enerxía ou favorezan o aforro enerxético, e que deberán estar xustificados nunha documentación técnica que detalle as medidas de aforro e de eficiencia enerxética da explotación e as de substitución do uso de enerxías convencionais por enerxías renovables. Así mesmo, incluirase unha diagnose enerxética da explotación que, como exemplo:

-Determine a cantidade das diferentes enerxías non renovables consumidas pola explotación agrícola.

-Distribúa os consumos enerxéticos en cada elemento da explotación (valores, %).

-Determina cantidade de enerxía saída da explotación.

-Determine a cantidade das emisións de gas de efecto invernadoiro ($CO_2$, $CH_4$, $N_2O$).

Así mesmo no plan de asesoramento poderanse incluír estudos de optimización enerxética que analicen o proceso produtivo das explotacións nos que se recomenden as accións idóneas para optimizar o consumo en función do seu potencial de aforro, a facilidade de implementación e o custo de execución.

Estes estudios poderán incluír:

-Réxime de funcionamento enerxético. Horas/día/semana, horas/ano.

-Estrutura de custos.

-Datos da produción enerxética da explotación.

-Principais materias primas utilizadas. Nome e cantidade anual.

-Produción obtida. Cantidade anual.

-Análise enerxética:

-Consumo anual e distribución de consumos de enerxía.

-Consumo anual de enerxía eléctrica, comprada e autoproducida.

-Consumo anual de enerxía térmica e combustibles utilizados.

-Consumo anual térmico e eléctrico dos principais equipos consumidores de enerxía.

-Consumo anual térmico e eléctrico nas operacións auxiliares.

-Autoprodución de enerxía eléctrica. Combustibles adquiridos e características dos fluídos térmicos xerados.

-Consumos específicos e custos enerxéticos.

-Consumos específicos térmicos (kWh/unidade) e consumo específico eléctrico (kWh/unidade) por produto producido.

-Custos da enerxía térmica por fonte enerxética e custo da enerxía eléctrica.

-Medidas propostas:

-Definición da medida.

-Aforro de enerxía térmica e/ou eléctrica anual de cada medida.

-Aforro económico anual da medida.

-Outros aforros e melloras.

-Investimentos asociados ás melloras.

-Prazo de execución da medida proposta.

-Período de retorno simple do investimento.

## *ANEXO IV*
### Plan de xestión

1. Definición do plan de xestión: descrición do servizo de xestión e asistencia técnica ás explotacións nos ámbitos da agricultura sustentable de acordo co artigo 5º do Decreto 235/2007, do 29 de novembro.

1.1. Ámbito xeográfico de actuación.

1.2. Metodoloxía: establecemento da metodoloxía ou procedemento que se vai seguir incluíndo polo menos:

1.2.1. Principais características das explotacións do ámbito de actuación. Recolleranse polo menos os seguintes aspectos:

a) Tipoloxía: agrícola, gandeira ou mixta.

b) Orientación produtiva (vacún de leite, vacún de carne, ovino, viñedo, horta, etc.).

c) Dimensión:

*Nº de explotacións.

*Superficie media/explotación.

*Nº cabezas de gando medio/explotación.

1.2.2. Obxectivos que se van acadar nas actuacións previstas:

Estes obxectivos serán avaliables e cuantificables.

1.2.3. Diagnose técnica inicial: descrición das actuacións que se van levar a cabo, e dos puntos de control que se van comprobar para establecer a diagnose inicial das explotacións.

1.2.4. Medidas de actuación: descrición das medidas concretas de actuación para acadar os obxectivos propostos, o cronograma e a planificación para levalas a cabo.

1.2.5. Seguimento do programa de xestión: establecer un plan de seguimento e control, definindo como mínimo:

*Nº de visitas por explotación e periodicidade.

*Definición dos puntos críticos de inspección e control para o seguimento das medidas concretas de actuación.

1.2.6. Mostraxes: determinación das mostraxes que se van realizar ben na diagnose técnica inicial ou/e no seguimento das actuacións do programa de xestión (metodoloxía da mostraxe, periodicidade, intensidade e parámetros que se van controlar).

1.2.7. Documentación de traballo: relación e modelos da documentación necesaria que deixe constancia das visitas, seguimento e recomendacións (actas, informes, etc.).

1.2.8. Método de autoavaliación e propostas de mellora. Determinación dos indicadores que permitan avaliar o grao de cumprimento dos obxectivos propostos no plan de xestión.

*ANEXO V*

**Dimensionamento**

A. Entidades que presten servizos de asesoramento:

| Equipo técnico | Nº de explotacións | |
|---|---|---|
| | Mínimo | Máximo |
| 2 titulados universitarios (segundo o establecido no artigo 4º do Decreto 235/2007) | 45 | 180 |

B. Entidades que presten servizos de xestión:

1. No ámbito da produción agrícola sustentable:

| Ámbito de actuación principal | Equipo técnico | Orientacións produtivas | Nº mínimo de explotacións | Nº mínimo de hectáreas |
|---|---|---|---|---|
| Programas técnico-agronómicos de produción e sanidade vexetal | 1 titulado universitario (segundo o establecido no artigo 6º.3 e anexo XX) | Vide | 20 | 75 |
| | | Horta aire libre (máximo do 20% protexido) | 20 | 40 |
| | | Horta en cultivo protexido | 10 | 5 |
| | | Froiteiras | 10 | 30 |
| | | Cultivos extensivos | 45 | 200 |
| | | Produción ornamental | 10 | 50 |

2. No ámbito zootécnico:

| Ámbito de actuación principal | Equipo técnico | Vacún | | Ovino/cabrún | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | Nº mínimo de explotacións | Nº mínimo de animais | Nº mínimo de explotacións | Nº mínimo de animais |
| Programa de reprodución | 1 titulado universitario (segundo o establecido no artigo 6º.3 e anexo XX) | 45 | 2.000 | 30 | 6.000 |
| Programa de alimentación | | 80 | 5.000 | 30 | 6.000 |
| Programa de podoloxía | 1 técnico especialista | 45 | 900 | - | - |

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*ANEXO VI*

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE Y MEDIO RURAL Y MARINO

FEADER: Europa inviste no rural
UNIÓN EUROPEA

## DECLARACIÓN DE COMPROMISOS DA ENTIDADE DE SERVIZOS DE ASESORAMENTO E/OU XESTIÓN

Don/Dona ______________________ con DNI __________

Actuando como representante da entidade solicitante das axudas para a implantación de servizos de asesoramento e/ou xestión no ámbito agrícola ou gandeiro e de acordo co establecido na orde que regula as axudas para a implantación de servizos de xestión e asesoramento,

**COMPROMÉTESE a:**

- ☐ Manter o servizo nas oficinas, polo menos nas mesmas condicións establecidas no momento da súa implantación, durante un período mínimo de cinco anos contados desde a concesión da primeira axuda.
- ☐ Manter os postos de traballo polos cales se solicitou axuda por un período mínimo de 5 anos, contados desde a concesión da primeira axuda.
- ☐ Facilitar ao demandante do servizo unha copia en papel e dixital en formato informático que a Consellería do Medio Rural determine, dos programas de asesoramento e/ou xestión levados a cabo na explotación de acordo co plan de asesoramento e/ou xestión definidos nos anexos III e IV.
- ☐ Cumprir as condicións de substitución do traballador ou traballadores.
- ☐ Contribuír á formación do seu persoal técnico facilitando a asistencia aos cursos de formación que determine a Consellería do Medio Rural.
- ☐ Informar a Consellería do Medio Rural daquelas variacións ou modificacións relacionadas co plan de asesoramento ou de xestión que, de ser o caso, se produzan en relación coas axudas reguladas nesta orde.

E para que así conste, para os efectos oportunos, asino esta declaración.

*Lugar e data*

, de de 20

Sinatura

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*ANEXO VII*

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE Y MEDIO RURAL Y MARINO

FEADER: Europa inviste no rural
UNIÓN EUROPEA

## DECLARACIÓN DE COMPROMISOS DA ENTIDADE DE SERVIZOS DE SUBSTITUCIÓN

Don/Dona ______ con DNI ______

Actuando como representante da entidade solicitante das axudas para a implantación de servizos de substitución no ámbito agrícola ou gandeiro e de acordo co establecido nesta orde, **COMPROMÉTESE** a**:**

- ☐ Manter os postos de traballo polos cales se solicitou axuda por un período de polo menos 5 anos, desde a concesión da primeira axuda.
- ☐ Cumprir as condicións de substitución do traballador especificadas na orde, no caso de rescisión do contrato de traballo subvencionado antes de finalizar o período de duración establecido.
- ☐ Contribuír á formación continua do seu persoal facilitando a asistencia aos cursos de formación que determine a Consellería do Medio Rural.

E para que así conste, para os efectos oportunos, asino esta declaración.

*Lugar e data*

, de de 20

Sinatura

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*ANEXO VIII*

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE Y MEDIO RURAL Y MARINO

**FEADER: Europa inviste no rural**
UNIÓN EUROPEA

## DECLARACIÓN DE SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA O MESMO OBXECTO

| DON/DONA | DNI |
|---|---|
| REPRESENTANTE DA ENTIDADE | CIF |
| CON DOMICILIO SOCIAL EN | |

**DECLARO:**

☐ Que esta entidade non solicitou e/ou non se lle concederon axudas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes o sociedades, así como que non existen outros ingresos ou recursos que financien o proxecto.

☐ Que esta entidade solicitou e/ou se lle concederon axudas para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como outros ingresos ou recursos que financien o proxecto, a saber:

| DESCRICIÓN DA AXUDA E CONCEPTO | IMPORTE |
|---|---|
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| TOTAL | |

E para que así conste, para os efectos oportunos, asino esta declaración.

*Lugar e data*

, de de 20

Sinatura

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*ANEXO IX*

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE Y MEDIO RURAL Y MARINO

**FEADER:**
**Europa inviste no rural**
UNIÓN EUROPEA

**DECLARACIÓN DE AXUDAS PERCIBIDAS SUXEITAS AO REGULAMENTO (CE) 1998/2006, DA COMISIÓN, DO 15 DE DECEMBRO, NOS ÚLTIMOS TRES ANOS *DE MINIMIS***

| DON/DONA | DNI |
|---|---|
| | |
| REPRESENTANTE DA ENTIDADE | CIF |
| | |
| CON DOMICILIO SOCIAL EN | |
| | |

**DECLARO** baixo a miña responsabilidade**:**

Para os efectos do establecido na orde pola que se establecen as axudas para a implantación de servizos de asesoramento, xestión e substitución,

☐ Esta entidade non ten concedida ningunha axuda *de minimis* nos últimos tres anos.

☐ Esta entidade ten concedida axuda polo réxime *de minimis*, polas liñas de axuda e importes que se indican:

| LIÑA DE AXUDA | IMPORTE |
|---|---|
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |
| **TOTAL** | |

E para que así conste, para os efectos oportunos, asino esta declaración.

*Lugar e data*

, de de 20

Sinatura

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*ANEXO X*

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE Y MEDIO RURAL Y MARINO

**FEADER: Europa inviste no rural**
UNIÓN EUROPEA

## CERTIFICACIÓN DO ACORDO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

DON/DONA

DNI

SECRETARIO DA ENTIDADE

CIF

CON DOMICILIO SOCIAL EN

**CERTIFICA:**

Que o órgano de goberno desta entidade, reunido en

o día , acordou:

- Solicitar a subvención que corresponda, segundo o establecido nas liñas de axuda descritas nesta orde.
- Aprobar a realización dos investimentos que se citan a continuación para os seguintes programas ou submedidas (sinálese cun X en cada caso):

☐ Asesoramento
☐ Xestión–Programa técnico agronómico produción e sanidade vexetal
☐ Xestión–Programa de reprodución animal
☐ Xestión–Programa de alimentación
☐ Xestión–Programa de podoloxía
☐ Outros programas de xestión
☐ Substitución

| INVESTIMENTO | EUROS |
|---|---|
| | |
| | |
| | |
| | |
| | |

E para que así conste, para os efectos oportunos, asino esta declaración.

*Lugar e data*

, de de 20

O/A SECRETARIO/A

Visto e prace
O/A PRESIDENTE/A

Asdo.:

Asdo.:

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*ANEXO XI*

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE Y MEDIO RURAL Y MARINO

**FEADER: Europa inviste no rural**
UNIÓN EUROPEA

## DECLARACIÓN INICIO DE ACTIVIDADE

☐ ENTIDADE DE XESTIÓN ☐ ENTIDADE DE SUBSTITUCIÓN ☐ ENTIDADE DE ASESORAMENTO

## DATOS DA ENTIDADE

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ENTIDADE | | | | CIF |
| ENDEREZO | | PROVINCIA | CONCELLO | |
| CÓDIGO POSTAL | TELÉFONO | FAX | CORREO ELECTRÓNICO | |
| NOME E APELIDOS DO REPRESENTANTE LEGAL | | | | NIF |

Para os efectos da solicitude de axudas á implantación de servizos de asesoramento, xestión e substitución e co obxecto do cálculo das subvencións,

**DECLARA:**

Que o inicio da prestación do servizo como entidade de xestión se efectuou na data

☐ Xestión–Programa técnico agronómico produción e sanidade vexetal

☐ Xestión–Programa de reprodución animal

☐ Xestión–Programa de alimentación

☐ Xestión–Programa de podoloxía

☐ Outros programas de xestión

Que o inicio da actividade como entidade de substitución se efectuou na data

Que o inicio da actividade como entidade de asesoramento se efectuou na data

E para que así conste e produza os efectos oportunos, asino esta declaración.

*Lugar e data*

, de de 20

Sinatura do representante legal

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*ANEXO XII*

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE Y MEDIO RURAL Y MARINO

**FEADER: Europa inviste no rural**
UNIÓN EUROPEA

## RELACIÓN DAS EXPLOTACIÓNS USUARIAS DOS SERVIZOS DE ASESORAMENTO/XESTIÓN/SUBSTITUCIÓN

| | |
|---|---|
| DON/DONA | DNI |
| COMO REPRESENTANTE DE | CIF |
| CON ENDEREZO SOCIAL | |

## DATOS DAS EXPLOTACIÓNS USUARIAS DOS SERVIZOS DE ASESORAMENTO E/OU XESTIÓN

| Nº CAMPO | NOME DO CAMPO | TIPO DE DATOS |
|---|---|---|
| 1 | SERVIZO (asesoramento, xestión, substitución) | TEXTO |
| 2 | PROGRAMA (ases. básico ou integral, tipo de programa de xestión) | TEXTO |
| 3 | APELIDOS | TEXTO |
| 4 | NOME | TEXTO |
| 5 | NIF | TEXTO |
| 6 | CEA | NUMÉRICO |
| 7 | LUGAR | TEXTO |
| 8 | PARROQUIA | TEXTO |
| 9 | CONCELLO | TEXTO |
| 10 | PROVINCIA | TEXTO |
| 11 | ORIENTACIÓN PRODUTIVA | TEXTO |
| 12 | S.A.U. (ha) | TEXTO |
| 13 | Nº CABEZAS GANDO | NUMÉRICO |

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*ANEXO XIII*

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE Y MEDIO RURAL Y MARINO

**FEADER: Europa inviste no rural**
UNIÓN EUROPEA

## RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO

| | |
|---|---|
| DON/DONA | DNI |
| COMO REPRESENTANTE DE | CIF |
| CON DOMICILIO SOCIAL EN | |

**FAGO CONSTAR QUE A RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO E INVESTIMENTOS SOLICITADOS PARA A SEGUINTE SUBMEDIDA/PROGRAMA (sinálase cun X) SON OS QUE FIGURAN A CONTINUACIÓN:**

☐ Asesoramento ☐ Xestión – Reprodución animal ☐ Xestión – Podoloxía ☐ Substitución

☐ Xestión – Produción e sanidade vexetal ☐ Xestión – Alimentación ☐ Outros programas de xestión

| | Nome | NIF | Categoría laboral | Titulación | Data nacemento | Dedicación | Data alta |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | | | | | | | |
| 2 | | | | | | | |
| 3 | | | | | | | |
| 4 | | | | | | | |
| 5 | | | | | | | |

| | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| MES/ANO mm-aaaa | | | | | | | | | | | | | | |
| SALARIO BRUTO | | | | | | | | | | | | | | |

*Lugar e data*

________________, de __________ de 20____

O/A REPRESENTANTE

Asdo.:

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*ANEXO XIV*

MINISTERIO
DE MEDIO AMBIENTE
Y MEDIO RURAL Y MARINO

**FEADER:
Europa inviste
no rural**

**UNIÓN EUROPEA**

**DECLARACIÓN DAS ENTIDADES SOLICITANTES DE AXUDA**

| DON/DONA | DNI |
|---|---|
| | |
| REPRESENTANTE DA ENTIDADE | CIF |
| | |
| CON DOMICILIO SOCIAL EN | |
| | |

DECLARA:

Que a entidade non está en situación de crise conforme coa definición prevista no artigo 1º.7 do Regulamento ( CE) 800/2008, da Comisión, do 6 de agosto de 2008 (DOUE L 214, do 9 de agosto)

Quen abaixo asina responsabilízase da veracidade dos datos expostos.

*Lugar e data*

, de de 20

SINATURA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*ANEXO XV*

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE Y MEDIO RURAL Y MARINO

**FEADER: Europa inviste no rural**

**UNIÓN EUROPEA**

## CERTIFICACIÓN DAS ENTIDADES SOLICITANTES DE AXUDA

| | |
|---|---|
| DON/DONA | DNI |
| REPRESENTANTE DA ENTIDADE | CIF |
| CON DOMICILIO SOCIAL EN | |

CERTIFICA:

Que os datos que se refiren a continuación son fiel reflexo da súa situación actual:

| | | |
|---|---|---|
| ACTIVIDADE PRINCIPAL | | |
| Nº de traballadores | Facturación (€) | Balance (€) |
| | | |
| Tipo de empresa*: | | |
| ☐ Pequena | ☐ Mediana | ☐ Non peme |

**Pequena empresa: menos de 50 traballadores e facturación ou balance de ata 10 millóns €/ano.*
*Empresa mediana: menos de 250 traballadores e facturación de ata 50 millóns € /ou balance de ata 43 millóns € / ano*

Quen abaixo asina responsabilízase da veracidade dos datos expostos.

*Lugar e data*

, de de 20

SINATURA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*ANEXO XVI*

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE Y MEDIO RURAL Y MARINO

**FEADER: Europa inviste no rural**
UNIÓN EUROPEA

## SOLICITUDE DE PAGAMENTO

| | |
|---|---|
| DON/DONA | DNI |
| COMO REPRESENTANTE DE | CIF |
| CON DOMICILIO SOCIAL EN | |

Como beneficiario/a dunha axuda solicitada ao abeiro da orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas en concorrencia competitiva para a implantación de servizos de asesoramento, xestión e substitución do ano 2011

**SOLICITO:**

Que se certifiquen os investimentos realizados, polo seguinte importe total: ______ para a axuda de implantación de servizos de ______ (detállase submedida ou programa):

| Nº | INVESTIMENTO / POSTO DE TRABALLO E SERVIZO (1) | ENTIDADE EMISORA / TRABALLADOR (2) | NÚMERO FACTURA | DATA FACTURA / MES NÓMINA | IMPORTE SEN IVE / CUSTO BRUTO TOTAL (3) | XUST. BANCARIA (4) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | | | | | | ☐ |
| 2 | | | | | | ☐ |
| 3 | | | | | | ☐ |
| 4 | | | | | | ☐ |
| 5 | | | | | | ☐ |
| 6 | | | | | | ☐ |
| 7 | | | | | | ☐ |
| 8 | | | | | | ☐ |

*(1) Indíquese o ben material adquirido ou o posto de traballo e servizo (exemplo: ordenador portátil modelo A, veterinario asesoramento ...)*

*(2) Indíquese a entidade emisora da factura ou o nome e apelidos do traballador do cal se subvenciona o contrato.*

*(3) Indíquese o importe sen IVE no caso da adquisición de bens materiais ou o custo bruto total salarial (sen incluír a S.S. da empresa; detraer os conceptos non salariais)*

*(4) Xustificación bancaria do pagamento da factura ou nómina, segundo corresponda.*

E para que así conste para os efectos de que se proceda á certificación dos investimentos realizados, asino esta solicitude en:

*Lugar e data*

______________________, ______ de ______________ de 20______

## *ANEXO XVII*

### Asesoramento

1. Relación de actuacións levadas a cabo diferenciando: Actuacións de campo e actuacións de oficina.

1.1. Actuacións de campo:

| Definición da actuación | Nº | Ámbito | | Finalidade | Explotación | | Data |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | RLX | BCAM | | CIF | CEA | dd-mm-aaaa |
| (DTI, charla, curso, visita toma de mostras, visita intermedia de comprobación de implantación de actuación, visita intermedia comprobación de correccións, visita final) | | Ambiente (directiva, lei, real decreto, decreto ...) Fitosanidade (directiva ...) | | Dimensionamento da fosa de xurro, estado maquinaria de tratamentos fitosanitarios, estado de caderno de explotación, incidencia dunha praga ou enfermidade, incidencia, identificación de animais, toma de mostras de auga, terra, froito, ...) para comprobación de residuos fitosanitarios, fertilidade, etc, | | | |

1.2 Actuacións de oficina: na oficina deberá quedar o rexistro e comprobación da realización da actuación.

| Definición da actuación | Nº | Ámbito | | Finalidade | Explotación | | Data |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | RLX | BCAM | | CIF | CEA | dd-mm-aaaa |
| | | | | | | | |

2. Conclusións: destacan para o período de execución (un ano), o número medio de visitas por explotación que se levaron a cabo con carácter ordinario e, de ser o caso, con carácter extraordinario.

Indicaranse as incidencias máis frecuentes no conxunto das explotacións relacionándoas co seu ámbito, así como, de ser o caso, as observacións máis significativas que sexa desexable destacar en canto ao seguimento da condicionalidade.

Faranse constar os resultados, logros e dificultades relativos ao desenvolvemento do plan de asesoramento ao longo do período de execución e perspectivas para o ano en curso.

### Xestión

1. Relación de actuacións por programa levadas a cabo diferenciando: actuacións de campo e actuacións de oficina.

1.1. Actuacións de campo:

| Definición da actuación | Nº | Programa | Finalidade | Explotación | | Data |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | CIF | CEA | dd-mm-aaaa |
| | | | | | | |

1.2. Actuacións de oficina: na oficina deberá quedar o rexistro e comprobación da realización da actuación:

| Definición da actuación | Nº | Programa | Finalidade | Explotación | | Data |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | CIF | CEA | dd-mm-aaaa |
| | | | | | | |

2. Conclusións: destacan para o período de execución (un ano) o número medio de visitas por explotación que se levaron a cabo con carácter ordinario e, de ser o caso, con carácter extraordinario.

Indicaranse as incidencias máis frecuentes no conxunto das explotacións, as observacións máis significativas que sexa desexable destacar en canto ao seguimento do plan de xestión.

Faranse constar os resultados, logros e dificultades relativos ao desenvolvemento do plan de xestión ao longo do período de execución e perspectivas para o ano en curso.

## *ANEXO XVIII*

Don/Dona______________________________________________, con DNI _____________, actuando en nome e representación da entidade ___________________________, con CIF ___________ e domicilio social en __________________________________________________, en cumprimento das obrigas establecidas no Decreto 235/2007, do 29 de novembro, ou nas bases reguladoras das axudas para a implantación de servizos de asesoramento, xestión e substitución,

COMUNICO:

As seguintes variacións na relación de explotacións acollidas ao programa ou submedida (sinálase cun X):

Asesoramento
Xestión-Programa técnico agronómico produción e sanidade vexetal
Xestión-Programa de reprodución animal
Xestión-Programa de alimentación
Xestión-Programa de podoloxía
Outros programas de xestión
Substitución

EXPLOTACIÓNS DADAS DE ALTA:

| SERVIZO | PROGRAMA | APELIDOS | NOME | NIF | CEA | LUGAR | PARROQUIA | CONCELLO | PROVINCIA | ORIENTACIÓN PRODUTIVA | S.A.U. (ha) | Nº CABEZAS GANDO | DATA |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | | | | | |

EXPLOTACIÓNS DADAS DE BAIXA:

| SERVIZO | PROGRAMA | APELIDOS | NOME | NIF | CEA | LUGAR | PARROQUIA | CONCELLO | PROVINCIA | ORIENTACIÓN PRODUTIVA | S.A.U. (ha) | Nº CABEZAS GANDO | DATA |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | | | | | |

_______________________, _____ de _______________ de _________

(Sinatura)
Servizo de Explotacións Agrarias-Dirección Xeral de Produción Agropecuaria-Santiago de Compostela

## *ANEXO XIX*

Don/Dona ____________________________________________________, con DNI ______________, actuando en nome e representación da entidade ____________________, con CIF _____________, e domicilio social en _____________________________________________________________, en cumprimento das obrigas establecidas no Decreto 235/2007, do 29 de novembro, ou nas bases reguladoras das axudas para a implantación de servizos de asesoramento, xestión e substitución.

COMUNICO:

As seguintes variacións no persoal contratado pola entidade e vinculado á seguinte submedida/programa (sinalar cun X):

Asesoramento
Xestión-Programa técnico agronómico produción e sanidade vexetal
Xestión-Programa de reprodución animal
Xestión-Programa de alimentación
Xestión-Programa de podoloxía
Outros programas de xestión
Substitución

PERSOA QUE SE DEU DE BAIXA:

| APELIDOS | NOME | DNI | TITULACIÓN | DATA DA BAIXA |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |

PERSOA QUE SE DEU DE ALTA (achéguese copia cotexada do seu contrato e da súa titulación):

| APELIDOS | NOME | DNI | TITULACIÓN | DATA DO CONTRATO | PERSOA A QUE SUBSTITÚE |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |

____________________________, _____ de __________________ de ___________

(Sinatura)

Servizo de Explotacións Agrarias-Dirección Xeral de Produción Agropecuaria-Santiago de Compostela

*ANEXO XX*

| PROGRAMA | TITULACIÓNS ADMITIDAS |
|---|---|
| ÁMBITO DA XESTIÓN DA AGRICULTURA SUSTENTABLE | |
| PROGRAMAS TÉCNICO-AGRONÓMICO DE PRODUCIÓN E SANIDADE VEXETAL | ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA |
| | ENXEÑEIRO AGRÓNOMO |
| ÁMBITO DA XESTIÓN ZOOTÉCNICA | |
| PROGRAMA DE REPRODUCIÓN ANIMAL | VETERINARIO |
| PROGRAMA DE ALIMENTACIÓN | ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA |
| | ENXEÑEIRO AGRÓNOMO |
| | VETERINARIO |
| PROGRAMA DE PODOLOXÍA | TITULADO EN GRAO MEDIO OU SUPERIOR EN ESPECIALIDADES VINCULADAS COA GANDARÍA DA RAMA AGRARIA.<br>PERSOA COA SEGUINTE EXPERIENCIA LABORAL EN PODOLOXÍA OU TAREFAS ASIMILADAS: POLO MENOS DURANTE 3 ANOS, CUN MÍNIMO DE 2.000 HORAS TRABALLADAS EN TOTAL, NOS ÚLTIMOS 10 ANOS TRANSCORRIDOS CON ANTERIORIDADE Á DATA DE SOLICITUDE DE ACREDITACIÓN |
| OUTROS PROGRAMAS DE XESTIÓN | SEGUNDO O CRITERIO QUE CONSIDERE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL EN FUNCIÓN DO TIPO DE PROGRAMA SOLICITADO |

| SUBMEDIDA | TITULACIÓNS ADMITIDAS |
|---|---|
| SUBSTITUCIÓN | TÉCNICO SUPERIOR EN XESTIÓN E ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS AGROPECUARIAS<br>TÉCNICO MEDIO EN EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS, EXPLOTACIÓNS AGRÍCOLAS EXTENSIVAS E INTENSIVAS<br>EQUIVALENTES ÁS TITULACIÓNS ANTERIORES NA FP DE SEGUNDO E PRIMEIRO GRAO |
| | EXPERIENCIA LABORAL RELACIONADA COAS COMPETENCIAS PROFESIONAIS VINCULADAS AOS AXENTES DE SUBSTITUCIÓN, SEGUNDO A ORIENTACIÓN PRODUTIVA DAS EXPLOTACIÓNS AS QUE SE DEA O SERVIZO, E QUE SE INDICAN A CONTINUACIÓN<br>CÓDIGO DENOMINACIÓN<br>AGAX0108 ACTIVIDADES AUXILIARES EN GANDARÍA<br>AGAV10 GANDEIRO DE VACÚN<br>AGAV20 GANDEIRO DE OVINO-CABRÚN<br>AGAG0108 PRODUCIÓN AVÍCOLA INTENSIVA<br>AGAG0208 PRODUCIÓN CUNÍCULA INTENSIVA<br>AGAP0108 PRODUCIÓN PORCINA DE REPRODUCIÓN E CRÍA<br>AGAP0208 PRODUCIÓN PORCINA DE RECRÍA E CEBO<br>AGAG20 AVICULTOR<br>A EXPERIENCIA LABORAL SERÁ COMO AXENTE DE SUBSTITUCIÓN OU TAREFAS ASIMILADAS, POLO MENOS DURANTE 3 ANOS, CUN MÍNIMO DE 2.000 HORAS TRABALLADAS EN TOTAL, NOS ÚLTIMOS 10 ANOS TRANSCORRIDOS CON ANTERIORIDADE Á DATA DE SOLICITUDE DE ACREDITACIÓN |

## CONSELLERÍA DO MAR

*Orde do 21 de decembro de 2010 pola que se convocan para o ano 2011, en réxime de concorrencia competitiva, axudas á paralización definitiva das actividades pesqueiras dos buques pesqueiros cofinanciadas co Fondo Europeo de Pesca, tramitada como anticipado de gasto para os buques que estean afectados polo Plan de xestión integral da pesca de baixura no caladoiro nacional Cantábrico-Noroeste.*

Mediante a Orde do 30 de xuño de 2010 (DOG nº 130, do 9 de xuño) establecéronse as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas á paralización definitiva dos buques pesqueiros, cofinanciadas co Fondo Europeo de Pesca, en virtude do Regulamento (CE) nº 1198/2006 do Consello, do 27 de xullo, relativo ao Fondo Europeo de Pesca (FEP).

A devandita orde establece no artigo 3º que o crédito anual existente fixarase en cada orde de convocatoria e no artigo 11º que os criterios de selección poderán ser modificados en cada convocatoria.

Ademais, os buques de baixura non tiveron oportunidades, polo de agora, para poder acceder ás axudas á paralización definitiva por non estaren incluídos en plans de axuste do esforzo pesqueiro segundo o artigo 21º do Regulamento (CE) nº 1198/2006. Considerando que agora se presentou un plan de axuste do esforzo pesqueiro para a frota de baixura do caladoiro nacional do Cantábrico-Noroeste que neste momento está pendente de aprobación polo Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño, considérase axeitado facer unha convocatoria específica para estes buques de feito que se estableza, só entre eles, a concorrencia competitiva, diferenciándoos, polo tanto, das axudas á paralización definitiva do resto das frotas.

Por outra banda, o artigo 1º.1.1 da Orde do 11 de febreiro de 1998 (DOG nº 34, do 19 de febreiro) sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 (DOG nº 231, do 29 de novembro) e pola Orde do 25 de outubro de 2001 (DOG nº 209, do 29 de outubro), establece que os expedientes de gasto relativos a subvencións se poderán iniciar sempre que as necesidades que se teñan que satisfacer poidan ser razoablemente previstas anticipadamente no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos cales se vaian imputar os correspondentes gastos, mesmo cando a súa execución se realice nunha ou en varias anualidades; no